



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de setembro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e seis de setembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(815).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de setembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(816).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE 2019. EXPTE. 183199/301.

Visto o informe de fiscalización do 19/09/19, dáse conta do informe-proposta do 30/08/19, asinado pola diplomada en Traballos Sociais, a xefa do Servizo de Benestar Social, a secretaria de Admón. Municipal (por Resolución de Alcaldía

9/09/19), e o xefe de Área e a concelleira de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES.

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 9 de maio de 2019, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «BONO-TAXI- 2019», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 183199/301).

I.2. O obxectivo desta convocatoria é subvencionar un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e recursos económicos limitados.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2019 consignouse unha partida por importe de 25.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais (aplicación orzamentaria nº 2310.4800011: “Subvención bono- taxi discapacitados”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 97 do 23 de maio de 2019. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 101, do 29 de maio de 2019, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 162 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes do bono- taxi a percibir en cada caso.

I.6. O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes debían cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignouselles unha cantidade a percibir en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–A contía máxima por beneficiario e de 300,00€ e mínimo 100,00€, podendo ser utilizada ata que sexa aprobada a seguinte convocatoria destas subvencións no ano 2020

–Capacidade económica usuario :	–Importe da subvención bono-taxi
–Entre 0 e 600,00€	–300,00 €
–Entre 600,01€ e 800,00€	–200,00 €
–Entre 800,01€ e 1.344,60€	–100,00 €



Concello de Vigo

I.7. Así, das 162 solicitudes presentadas, 108 resultarían estimadas ,27 pasan a lista de agarda e 27 desestimanse (26 por non cumprir os requisitos e unha solicitude archívase por falecemento do solicitante).

A base 6ª apartado-f establece que os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do bono-taxi, que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante.

Como se indicou, a cantidade a percibir en cada caso (Anexo I) é o resultado de aplicar as cuantías establecidas na base 4ª.

I.8. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 27.08.2019).

I.9. Da información que obra en poder deste Departamento resulta que os beneficiarios e as persoas que integran a lista de agarda cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

I.10. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 9, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas.

I.11. Por razón do obxecto destas axudas e tendo en conta a necesaria protección do dereito á intimidade dos solicitantes, non se inclúen nos Anexos da Resolución desta convocatoria que serán obxecto de publicación os nomes e apelidos das persoas ás que se lles concedeu ou denegou a axuda. Uns e outros serán debidamente identificados co seu correspondente número de DNI/NIE/Pasaporte . Nas concedidas, indicárase tamén o importe da axuda e, nas denegadas, a causa concreta da denegación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións do bono-taxi ás 108 persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Achéganse no Anexo I que comenza por "54508532G" cunha renda per cápita mensual de 0,00€ e finaliza por "36073841C" cunha renda per cápita mensual de 851,45€, por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión. O gasto total (25.000 €) imputárase á aplicación orzamentaria nº 2310.480011: *"Subvención bono- taxi discapacitados .*

SEGUNDO.- Aprobar a lista de agarda que se achega no Anexo II que inicia por "76600561G cunha renda per cápita mensual de 855,15€ e finaliza por "36076079G cunha renda per cápita mensual de 1.317,23 €.

TERCEIRO.- Desestimar as subvencións que se achegan no listado do Anexo III que inicia por "35826300M" e finaliza por "34946661R" reseñándose en cada un deles o motivo da súa desestimación.

CUARTO.-Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

QUINTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará a decisión que estime máis oportuna.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I – Proposta de concesión ano 2019

Nº ORDE	N I	NIF	Renda per capita/mes (neto)	SUBVENCIÓN
1	5	***0853**	0,00 €	300,00 €
2	4	***1362**	83,33 €	300,00 €
3	9	***3615**	122,45 €	300,00 €
4	5	***3615**	122,45 €	300,00 €
5	0	***1913**	238,06 €	300,00 €
6	3	***1632**	297,88 €	300,00 €
7	5	***4797**	306,83 €	300,00 €
8	6	***5148**	327,89 €	300,00 €
9	1	***1947**	343,98 €	300,00 €
10	5	***7080**	356,79 €	300,00 €
11	3	***4178**	365,72 €	300,00 €
12	X	****8032*	365,83 €	300,00 €
13	3	***2145**	368,90 €	300,00 €



Concello de Vigo

14	5	***6973**	368,90 €	300,00 €
15	4	***8943**	393,27 €	300,00 €
16	5	***4595**	430,38 €	300,00 €
17	6	***6246**	430,38 €	300,00 €
18	6	***9076**	430,38 €	300,00 €
19	4	***9651**	430,40 €	300,00 €
20	4	***1456**	438,33 €	300,00 €
21	6	***5956**	440,41 €	300,00 €
22	5	***9097**	459,03 €	300,00 €
23	5	***4468**	459,03 €	300,00 €
24	6	***8866**	474,36 €	300,00 €
25	6	***1130**	492,57 €	300,00 €
26	3	***6142**	493,86 €	300,00 €
27	5	***4563**	495,93 €	300,00 €
28	5	***8265**	497,14 €	300,00 €
29	6	***6933**	497,68 €	300,00 €
30	5	***5929**	500,00 €	300,00 €
31	3	***9868**	513,66 €	300,00 €
32	5	***9092**	525,89 €	300,00 €
33	6	***7072**	553,40 €	300,00 €
34	6	***2119**	553,40 €	300,00 €
35	6	***5422**	553,40 €	300,00 €
36	6	***7294**	553,40 €	300,00 €
37	6	***4381**	556,67 €	300,00 €
38	6	***8259**	577,32 €	300,00 €
39	5	***5540**	580,48 €	300,00 €
40	5	***9399**	580,52 €	300,00 €
41	5	***5923**	595,10 €	300,00 €
42	5	***6794**	596,17 €	300,00 €
43	6	***1286**	596,25 €	300,00 €
44	5	***0703**	602,72 €	200,00 €
45	5	***5706**	612,01 €	200,00 €
46	6	***8713**	612,32 €	200,00 €
47	6	***3919**	614,88 €	200,00 €
48	6	***5064**	624,18 €	200,00 €
49	6	***8793**	631,50 €	200,00 €
50	3	***2339**	640,04 €	200,00 €
51	6	***7976**	645,58 €	200,00 €
52	6	***4631**	645,58 €	200,00 €
53	6	***6548**	645,58 €	200,00 €
54	6	***6843**	645,58 €	200,00 €

55	3	***7581**	645,58 €	200,00 €
56	6	***5129**	645,58 €	200,00 €
57	9	***5945**	645,58 €	200,00 €
58	9	***7884**	645,58 €	200,00 €
59	3	***9012**	645,58 €	200,00 €
60	3	***1883**	645,58 €	200,00 €
61	3	***7336**	645,58 €	200,00 €
62	3	***7627**	645,58 €	200,00 €
63	X	****6466*	645,58 €	200,00 €
64	3	***3634**	645,66 €	200,00 €
65	6	***5448**	649,27 €	200,00 €
66	3	***6806**	650,93 €	200,00 €
67	6	***1708**	653,40 €	200,00 €
68	3	***5668**	659,30 €	200,00 €
69	4	****6245*	660,95 €	200,00 €
70	9	***6906**	666,04 €	200,00 €
71	5	***3014**	687,89 €	200,00 €
72	4	***9487**	689,33 €	200,00 €
73	7	***1985**	689,33 €	200,00 €
74	7	***1935**	700,32 €	200,00 €
75	4	***0714**	705,95 €	200,00 €
76	6	***2253**	707,61 €	200,00 €
77	4	***6499**	732,85 €	200,00 €
78	4	***8573**	734,98 €	200,00 €
79	5	***3824**	741,87 €	200,00 €
80	0	***4968**	743,98 €	200,00 €
81	3	***7865**	743,98 €	200,00 €
82	5	***9817**	743,98 €	200,00 €
83	5	***4620**	743,98 €	200,00 €
84	5	***4518**	743,98 €	200,00 €
85	5	***5546**	743,98 €	200,00 €
86	5	***5609**	743,98 €	200,00 €
87	5	***6842**	743,98 €	200,00 €
88	5	***2227**	744,30 €	200,00 €
89	5	***1551**	747,46 €	200,00 €
90	4	***7432**	753,40 €	200,00 €
91	4	***3935**	759,03 €	200,00 €
92	Y	****7037*	761,65 €	200,00 €
93	0	***6867**	776,10 €	200,00 €
94	8	***2807**	779,36 €	200,00 €
95	6	***8682**	780,67 €	200,00 €



Concello de Vigo

96	7	***1361**	780,67 €	200,00 €
97	6	***4583**	781,37 €	200,00 €
98	4	***5050**	797,35 €	200,00 €
99	6	***0983**	798,09 €	200,00 €
100	7	***4644**	803,71 €	100,00 €
101	6	***0751**	811,82 €	100,00 €
102	6	***1270**	815,72 €	100,00 €
103	6	***0493**	818,63 €	100,00 €
104	5	***4650**	833,07 €	100,00 €
105	5	***0928**	840,82 €	100,00 €
106	6	***7156**	842,12 €	100,00 €
107	5	***2249**	849,04 €	100,00 €
108	5	***7384**	851,45 €	100,00 €

6

TOTAL

25.000,00 €

ANEXO II - Lista de agarda 2019

Nº ORDE		NIF	Renda per capita/mes (neto)	SUBVENCION
1	7	***0056**	855,15 €	100,00 €
2	6	***9811**	859,32 €	100,00 €
3	4	***8700**	871,81 €	100,00 €
4	4	***9245**	875,57 €	100,00 €
5	5	***2155**	876,69 €	100,00 €
6	5	***4610**	888,89 €	100,00 €
7	7	***8924**	889,96 €	100,00 €
8	5	***7162**	897,86 €	100,00 €
9	4	***4554**	899,68 €	100,00 €
10	5	***1199**	904,34 €	100,00 €
11	7	***9046**	921,32 €	100,00 €
12	6	***1667**	950,68 €	100,00 €
13	5	***5289**	955,85 €	100,00 €
14	6	***4508**	985,37 €	100,00 €
15	5	***4790**	990,02 €	100,00 €
16	6	***1656**	991,73 €	100,00 €
17	5	***2289**	1.027,00 €	100,00 €
18	5	***4468**	1.034,43 €	100,00 €
19	5	***5679**	1.051,37 €	100,00 €

5

20	B	***1885**	1.099,20 €	100,00 €
21	B	***3385**	1.198,32 €	100,00 €
22	B	***2938**	1.202,85 €	100,00 €
23	B	***7814**	1.218,34 €	100,00 €
24	B	***3180**	1.239,55 €	100,00 €
25	B	***7678**	1.242,58 €	100,00 €
26	B	***4630**	1.271,50 €	100,00 €
27	B	***7607**	1.317,23 €	100,00 €

6

ANEXO III - Solicitudes desestimadas 2019				
Nº ORDE		NIF	Renta per capita/mes (neto)	POR INCUMPRIMENTO
1	35826300M	***2630**	1.047,09 €	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
2	36035051P	***3505**	1.386,48 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €).
3	35524000V	***2400**	660,97 €	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).



Concello de Vigo

4	35811590S	***1159**	1.091,96 €	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
5	36084927C	***8492**	645,58 €	Base 6ª, apartado a): Non estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria e permanecer de alta no Padrón Municipal mentres perciba a axuda.
6	36091651M	***9165**	1.372,97 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €); apartado d): Constar como titular de vehículo automóbil propio. (7234FCM)
7	35836044C	***3604**	1.432,97 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €); apartado d): Constar como titular de vehículo automóbil propio. (0169DTP)
8	35812892Y	***1289**	1.457,31 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €); apartado d): Constar como titular de vehículo automóbil propio. (PO1115AY)
9	34194133X	***9413**	1.593,84 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €); apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
10	34519452V	***1945**	1.349,10 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €).

11	35938333M	***3833**	705,95 €	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
12	35950617F	***5061**	223,53 €	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
13	32465198P	***6519**	1.029,11 €	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
14	54659920Y	***5992**	0,00 €	Base 6ª, apartado d): Constar como titular de vehículo automóbil propio. (1214FMB)
15	36131947M	***3194**	364,29 €	Base 6ª, apartado c): No certificado de discapacidade, non se recoñecen dificultades de mobilidade para utilizar os transportes colectivos. (0 puntos)
16	35999908D	***9990**	1.440,49 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €).
17	35929545A	***2954**	1.838,71 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €).
18	35824707E	***2470**	1.204,48 €	Base 6ª, apartado d): Constar como titular de vehículo automóbil propio. (3060FLY y 4829HNG)
19	09975030E	***7503**	2.033,89 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €).
20	76610901V	***1090**	1.483,81 €	Base 6ª, apartado e): Dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (16.135,20 € anuais ou 1.344,60 €).



Concello de Vigo

21	54509609T	***0960**	415,96	Base 6ª, apartado c): No certificado de discapacidade, non se recoñecen dificultades de mobilidade para utilizar os transportes colectivos. (0 puntos)
22	34617663H	***1766**	790,22	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
23	35883284H	***8328**	744,63	Base 6ª, apartado c): No certificado de discapacidade, non se recoñecen dificultades de mobilidade para utilizar os transportes colectivos. (0 puntos)
24	35511696H	***1169**	660,95	Base 6ª, apartado c): No certificado de discapacidade, non se recoñecen dificultades de mobilidade para utilizar os transportes colectivos. (0 puntos)
25	35820084E	***2008**	818,04	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
26	34946661R	***4666**	706,18	Base 6ª, apartado c): Non ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade, emitido por Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).

3(817).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, S. ANDRÉS DE COMESAÑA E RELFAS-SÁRDOMA (TRES LOTES). EXPTE. 219/441.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/08/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lotes 1 e 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lotes 1 e 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, con data do 24 de xullo de 2019, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (expediente 219-441) na seguinte orde descendente:

a) Lote nº 1: campo de fútbol de Monte da Mina-Castrelos

<i>Empresas licitadoras</i>	<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
1.- UTE PRACE - COPCESA	95,88
2.- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	80,93

b) Lote nº 2: Campo de fútbol de San Andrés de Comesaña

<i>Empresas licitadoras</i>	<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
1.- UTE PRACE - COPCESA	95,88
2.- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	80,93



Concello de Vigo

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE - COPCESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA), o día 31 de xullo de 2019, que presenta a documentación requirida o 14 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 e 18 de xullo de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) coas seguintes condicións:

- *LOTE 1 (MONTE DA MINA): o prezo total do contrato é de 157.965,44 €, sendo o importe correspondente ao IVE de 27.415,49 euros.*
- *LOTE 2 (SAN ANDRÉS DE COMESAÑA): o prezo total do contrato é de 148.641,82 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 25.797,34 euros”.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Así mesmo, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/09/09, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lote 3)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos



Concello de Vigo

campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	98,16
2	MONDO IBÉRICA, S.A.	79,16
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	73,99

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) xa foi presentada para os lotes 1 e 2".

Segundo.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., o día 6 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 11 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 de xullo e 3 de setembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) por un prezo total de 390.793,19 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.823,61 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a propostas contidas no precedentes informes.



Concello de Vigo

4(818).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA E O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS. EXPTE. 312/441.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/09/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de agosto de 2019, de OBRASCON HUARTE SAIN, S.A. (OHL) e a UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. por non acadar o umbral do 50% da puntuación dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor en cumprimento do previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Excluír deste procedemento á UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS S.A. - DRAGADOS S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	94,13
2	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	86,50
3	UTE FERROVIAL AGROMAN - ORECO, S.A.U.	84,89
4	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. - FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.	81,85
5	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	78,35
6	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	75,26
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	61,13

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. , o día 12 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,



Concello de Vigo

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de agosto e 9 de setembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. o procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 13.479.969,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.339.498,75 euros.*
- b) Comprométese a incrementar o mantemento da iluminación exterior en 4 trimestres.*
- c) Comprométese a incrementar o mantemento do túnel en 4 trimestres.*
- d) Comprométese a incrementar o mantemento das zonas verdes e fontes en 4 trimestres.*
- e) Comprométese a incrementar o mantemento doutros equipos en 4 trimestres.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública

prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(819).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL E ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 9769/612.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/09/19, que di o seguinte

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación total
EULEN, S.A.	100
SAMYL, S.L.	61,05



Concello de Vigo

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., o día 2 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 9 e 26 de agosto de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612) por un prezo total de 102.224,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.741,36 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(820).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9350/224.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión de data 18/09/19, que di o seguinte:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica (PROPOSTA DECLARACIÓN DESERTO)

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 30 de agosto de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 16 de setembro.

Terceiro.- Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 17 de setembro de 2019:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 30/08/2019 para a contratación por procedemento aberto da “Xestión do programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero” EXPTE. 9350-224” que rematou o día 16 de setembro do presente ano; consultada a aplicación informática de xestión de expedientes non se presentou ningunha oferta”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 17 de setembro de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.350-224) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(821).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL DO RECURSO INTERPOSTO POR LIMPIEZAS FARO, S.L. CONTRA ACORDO DA XUNTA GOBERNO LOCAL - SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 81/441.

Dáse conta da proposta de data 23/09/19 asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 218/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 228/2019, interposto por LIMPIEZAS FARO, S.L. contra a súa exclusión na contratación dun servizo de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias municipais do Concello de Vigo, expediente 81-441. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por LIMPIEZAS FARO, S.L. contra a súa exclusión na contratación dun servizo de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias municipais do Concello de Vigo, expediente 81-441 dese Concello.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(822).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18207/333.

Visto o informe xurídico de data 20/09/19 e o informe de fiscalización do 23/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 19/09/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 18207/333 sobre a proposta de resolución das Bases e a Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2018/2019, tendo en conta que detectouse un erro na transcripción dos datos vinculados coas entidades solicitantes, unha vez corrixido o mesmo e reformuladas as puntuacións propostas, e engadido da mesma forma o valor dos puntos en cada un dos axustes das puntuacións, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 5 de setembro de 2019 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo



Concello de Vigo

Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Coordinador deportivo do servizo, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, na que se detalla que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2018-2019, sobre un máximo de 96 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 30 puntos, según os seguintes criterios:

De 1 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

1. Un impacto e repercusión medio/baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.
2. Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.
3. Volume porcentual medio/baixo da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
4. Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local, provincial ou autonómico.

De 11 a 20 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio-alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.
- Orientado ó deporte de base e/ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.
- De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

De 21 a 30 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable no entorno xeográfico da cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.

- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito autonómico, nacional ou internacional.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interese público da actividade, o custo da actividade, ou a orientación a determinados colectivos de interese... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluírá, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado. A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 1 evento por entidade. Ata 25 puntos según os seguintes criterios:

a.2.1. De 0 a 1,5 puntos:

A aqueles proxectos que, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Non cumpran as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable.
- Non cumpran cos criterios establecidos nos apartados a.2.2., a.2.3. ou a.2.4.

a.2.2. De 2 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio nun entorno determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou a un determinado colectivo de interese.
- Volume medio de participación.
- Volume medio de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito provincial ou autonómico.
- Programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinados a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición non federada, cunha duración mínima regular de como mínimo 7 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.
- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade de duración anual.

a.2.3. De 11 a 20 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:



Concello de Vigo

- Un impacto e repercusión alto na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito galego.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

a.2.4. De 21 a 25 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito nacional ou internacional.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, foi avaliado positivamente pola concellería de deportes, o que lle outorga un valor engadido ó proxecto.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas no curso 2018/2019. Para este criterio utilizaranse os datos obrantes no servizo de deportes: Ata 5 puntos.

- De 15 a 50 escolares = 1 punto.
- De 51 a 100 escolares = 2 puntos.
- De 101 a 150 escolares = 3 puntos.
- >150 escolares = 5 puntos.

b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluída. Ata 15 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 250 licencias.
- 10 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 12 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 15 puntos: >400 licencias.

Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 5 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 6 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 12 puntos: De 1.201 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: > de 1.500 licencias.

b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 5 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 75 licencias.
- 5 puntos: >75 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 75 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 5 puntos: >400 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos ós proxectos deportivos cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Estrutura da entidade deportiva:

d.1. Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 10 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 10, por cada 1.000,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2018. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 1.000,00€ de gasto acreditado.

d.2. Estrutura técnica: Ata 3 puntos. Valorarase o volume de persoal técnico contratado. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a titulación ou licencia presentada. A licencia deberá corresponder á tempada subvencionada, e deberá presentarse a documentación que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado.

- Título oficial específico da modalidade Nivel III ou equivalente, ou Título de Licenciado/Graduado en CCAFD : 1 punto por licencia ou título.
- Título oficial específico da modalidade Nivel II ou equivalente: 0,5 puntos por licencia ou título.



Concello de Vigo

- Título específico Nivel I ou equivalente, ou título de TSAFD: 0,25 por licenza ou título.

e) Emprego do Galego: 1 punto. Valoraranse os proxectos de comunicación presentados polas entidades que acrediten suficientemente que están desenvolvidos en lingua Galega. O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 1 punto. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade, e en concreto, valorarase:

- 1 punto polo desenvolvemento de proxectos de comunicación que fomenten o uso da lingua galega como vehículo principal de comunicación, que inclúan o uso do galego no espazo web actualizado da entidade (páxina web, blog...), nas comunicacións, cartelería.... As entidades deberán detallar ademais nos proxectos de comunicación que presenten na solicitude, o/os enlaces ós espazos web ao obxecto de realizar as comprobacións necesarias por parte do servizo xestor.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2018/2019, ou en calquera caso, no ano 2019 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 189 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 183 e rexeitáronse 6 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1072 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 850.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 792,91€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas. Esta circunstancia xera un importe "excedente", que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acada un importe de 116,82€ nun primeiro axuste, e 4,87€ nun segundo axuste, para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de equipos e licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social, a Facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 05 de setembro de 2019, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local. Neste punto, tivéronse en conta as fases autonómicas e/ou nacionais organizadas e/ou superadas polos diferentes equipos das entidades, os campionatos de promoción das modalidades organizados polas entidades, as actividades de promoción, etc.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1.072 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 850.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 792,91€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas. Esta circunstancia xera un importe "excedente", que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acadada un importe de 116,82€ nun primeiro axuste, e 4,87€ nun segundo axuste, para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración decidiu aplicar un redondeo ós importes definidos ó aplicar o valor unitario do punto á puntuación acadada por cada unha das entidades beneficiarias,



Concello de Vigo

entendendo que este redondeo non supón unha variación significativa dos importes (como se detalla no Anexo I).

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Distribuír as subvencións entre os clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un total de 850.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2019, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade na tempada 2018-2019.
2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:
 - Por non cumprir o requisito establecido na base 3ª.2, que establece que, en relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G36924249	18567-333

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
VIGOSPORTING E.D.	G27838283	18646-333
CLUB PETANCA SALGUEIRA	G36894517	18639-333
CLUB PETANCA TEIS	G36288413	18464-333
CLUB CENTAURUSCROSSINGTRAINING	G27862457	18636-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4, que establece que, as entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campiónatos organizados polas federacións deportivas”.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
FUNDACIÓN CLUB NÁUTICO DE VIGO	G27856962	18570-333

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIONS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2018-2019.

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	resultado final
					850.000,00 €
1	18647-333	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G36645109	15	13.718,92 €
2	18539-333	C.A.R MARISQUEIRO	G27737477	2	1.829,19 €
3	18482-333	COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	14	12.804,33 €
4	18558-333	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G36645018	5	4.572,97 €
5	18616-333	ADN RUNNERS TELMO PELUQUEROS	G27766641	1	914,59 €
6	18548-333	CLUB BADMINTON CIES	G36827418	5	2.000,00 €
7	18607-333	CLUB DE BAILE DEPORTIVO AL COMPAS	G27711597	5	1.000,00 €
8	18633-333	CLUB BAILE PASOS BAILEGALICIA	G27750371	1	914,59 €
9	18470-333	BASQUET RIAS BAIXAS	G27777127	4	3.658,38 €
10	18502-333	CLUB BALONCESTO RODABALLO	G36815413	1	914,59 €
11	18521-333	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G36942142	31	28.352,44 €
12	18478-333	CLUB COMPAÑIA DE MARIA VIGO	G36657989	14	2.800,00 €
13	18606-333	CLUB NOVOBASKET VIGO	G27791474	7	6.000,00 €
14	18625-333	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G36756831	6	4.400,00 €
15	18477-333	AGRUPACION GALICIA SOCIAL	G36622934	11	5.000,00 €
16	18541-333	VETERANAS DE BALONMANO	G27847615	7	3.000,00 €
17	18642-333	CLUB BILAR MANHATTAN	G27852011	4	3.000,00 €
18	18498-333	CLUB BILLARISTA ERRANTES	G27825322	1	914,59 €
19	18429-333	CLUB BOLOS VALLADARES SAN BARTOLOME	G27738962	4	2.400,00 €
20	18614-333	CLUB DE BOLOS CELTAS VALLADARES	G36881316	1	914,59 €
21	18407-333	CLUB BOWLING CELTA	G36685345	4	2.825,00 €
22	18586-333	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G36662344	4	3.000,00 €
23	18580-333	REBOURAS TEAM	G27812650	3	2.743,78 €
24	18638-333	CLUB DEPORTIVO CANICROSS VIGO	G27797059	1	914,59 €
25	18532-333	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G36814515	1	914,59 €
26	18417-333	CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	3	2.743,78 €
27	18408-333	CLUB CICLISTA RIA DE VIGO	G36745107	1	914,59 €
28	18380-333	CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS	G36842946	2	1.829,19 €
29	18462-333	CLUB CICLISTA TEIS	G36754323	5	4.300,00 €
30	18574-333	CLUB CICLISTA VIGUES	G36650885	24	21.950,28 €
31	18459-333	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G36703213	1	914,59 €
32	18623-333	AG. DEP. TAMIAR APAMP	G36657450	4	2.000,00 €
33	18492-333	ASOCIACION DEPORTIVA MENELA	G36817575	3	445,00 €
34	18587-333	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G36814093	3	2.743,78 €
35	18542-333	CLUB MINAUTA	G36834240	3	2.200,00 €
36	18466-333	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G36819779	3	2.537,95 €
37	18406-333	ASOC.PLAYA DE SAMIL	G36918084	3	2.743,78 €
38	18404-333	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTERNATIVA	G27776459	3	2.500,00 €
39	18666-333	CLUBE SALADINO CORTIZO	G36836716	3	900,00 €
40	18418-333	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G36869873	11	8.500,00 €
41	18572-333	FALCATA	G27775808	1	914,59 €
42	18569-333	SALA VIGUESA ESGRIMA ANTIGA	G94027513	1	914,59 €
43	18596-333	CLUB ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	G36888543	2	1.400,67 €
44	18391-333	CLUB ARADELAS ESPEOLOGIA	G36642247	2	1.800,00 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	resultado final
45	18494-333	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G36770931	6	5.487,57 €
46	18577-333	BALAIIDOS FC	G36737724	20	16.000,00 €
47	18524-333	C.D. SAMPAYO	G36654564	1	914,59 €
48	18564-333	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G36743433	6	5.487,57 €
49	18473-333	CLUB DEPORTIVO NIETO	G36687309	6	5.500,00 €
50	18427-333	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G36649283	27	24.694,06 €
51	18559-333	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	13	10.000,00 €
52	18612-333	MOLEDO CLUB FUTBOL	G36734226	6	2.999,00 €
53	18628-333	RACING DE CASTRELOS FC	G36710762	6	5.487,57 €
54	18490-333	RAPIDO DE PEREIRO FC	G36874832	11	8.000,00 €
55	18433-333	UVCD CANDEAN	G36863348	9	7.000,00 €
56	18402-333	C.D. TEIS	G36752640	5	4.572,97 €
57	18576-333	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G36647311	9	8.231,35 €
58	18468-333	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G36645612	9	8.231,35 €
59	18544-333	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G36690519	6	5.487,57 €
60	18501-333	CLUB DEPORTIVO COYA	G36753911	11	10.000,00 €
61	18550-333	C.D. BEADE	G27711472	5	2.900,00 €
62	18497-333	GRAN PEÑA, C.F.	G36663656	6	5.487,57 €
63	18455-333	INDEPENDIENTE, C.F.	G36710416	20	18.000,00 €
64	18554-333	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G36684124	13	8.500,00 €
65	18530-333	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G36628774	16	12.000,00 €
66	18618-333	KOMPITE	G27849983	5	4.572,97 €
67	18573-333	ANPABAL FUTBOL CLUB	G27758168	6	3.500,00 €
68	18508-333	C.D.A.P.A.Z F.S.	G27785039	5	2.200,00 €
69	18457-333	CENTRO CULTURAL E RECREATIVO CABRAL	V36658680	2	1.829,19 €
70	18617-333	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	10	9.145,95 €
71	18469-333	CLUB CIOS VIGO	G36795680	10	9.100,00 €
72	18409-333	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G36982239	15	13.718,92 €
73	18378-333	IES CORUXO FS	G27726835	5	4.572,97 €
74	18456-333	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G36645075	5	4.572,97 €
75	18493-333	C.D. AVCR SAN MAMEDE ZAMÁNS	G36691855	2	900,00 €
76	18537-333	C.D. MOSTEIRO BEMBRIVE, F.S.	G36886422	16	10.000,00 €
77	18412-333	CLUB MARISTAS EL PILAR	G36690782	5	4.572,97 €
78	18489-333	PECHECHES FÚTBOL SALA	G27778521	7	6.402,16 €
79	18414-333	TALLERES ABC VIGO FUTBOL SALA	G36938702	7	6.402,16 €
80	18637-333	BALONA LINENSE (OSCAR ALMIDA PÉREZ)	G36985984	2	1.829,19 €
81	18583-333	REAL AEROCUBO DE VIGO	G36610384	5	3.000,00 €
82	18436-333	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	4	2.000,00 €
83	18594-333	CD. ESTABLOS VIGO	G36982296	2	1.829,19 €
84	18562-333	TRAVIASAS HOCKEY CLUB	G36680239	10	9.145,95 €
85	18467-333	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G36684850	5	1.840,00 €
86	18535-333	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G36681633	14	12.804,33 €
87	18588-333	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G27709120	1	500,00 €
88	18460-333	JUDO CLUB GALICIA SUR	G27781541	3	2.743,78 €
89	18561-333	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G36870160	8	7.316,76 €

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	resultado final
90	18522-333	AVCD CABRAL	G36651073	2	1.829,19 €
91	18589-333	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G36955565	3	2.743,78 €
92	18403-333	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G36707586	3	2.743,78 €
93	18438-333	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G36708303	5	4.572,97 €
94	18523-333	KUZUSHI	G36696227	2	1.829,19 €
95	18445-333	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G36743540	2	1.829,19 €
96	18479-333	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G36630192	2	1.829,19 €
97	18591-333	GRUPO MONTAÑA ALUD	G36897437	1	914,59 €
98	18622-333	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G36850378	7	6.402,16 €
99	18613-333	VIGOENDURO MTB	G27864107	1	750,00 €
100	18410-333	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G36827079	21	20.000,00 €
101	18519-333	CLUB NATACION SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G27763812	12	10.975,14 €
102	18435-333	PADEL FEMENINO CIES	G27713759	1	914,59 €
103	18608-333	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G36645091	18	16.462,71 €
104	18525-333	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G36811974	8	7.316,76 €
105	18641-333	CLUB PATINAXE CORUXO	G27865831	2	1.829,19 €
106	18534-333	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	4	3.658,38 €
107	18566-333	CLUB PATIN VAGALUME	G36982304	11	10.060,54 €
108	18582-333	CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER	G36571123	2	1.829,19 €
109	18512-333	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G36628543	1	914,59 €
110	18527-333	CLUB PETANCA O FORO	G27753284	1	914,59 €
111	18644-333	CLUB PETANCA BREOGAN	G36802247	1	914,59 €
112	18513-333	CLUB PETANCA SABAJANES	G36646271	1	600,00 €
113	18434-333	CLUB CUATRO CAMINOS	G27753466	1	514,74 €
114	18509-333	CLUB A TOXEIRA	G36849040	1	914,59 €
115	18465-333	CLUB DO LUME	G36852671	1	915,00 €
116	18551-333	CLUB LLAVE Y PETANCA VALLADARES	G36796316	1	800,00 €
117	18510-333	CLUB PETANCA ENSINO	G36798866	1	914,59 €
118	18458-333	CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	2	1.500,00 €
119	18555-333	PETANCA SARDOMA	G27851385	1	914,59 €
120	18517-333	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G27779446	1	914,59 €
121	18443-333	CLUB PETANCA GALICIA	G36881639	1	914,59 €
122	18511-333	CLUB PETANCA MADROA	G27722354	1	914,59 €
123	18430-333	CLUB PETANCA VIGO	G36702413	1	914,59 €
124	18514-333	CLUB PETANCA BEMBRIVE	G36816114	1	914,59 €
125	18540-333	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	8	7.316,76 €
126	18496-333	CLUB PIRAGUISMO OLIVICO	G27822006	7	6.402,16 €
127	18549-333	CLUB DE REMO CORUXO	G36726750	13	11.889,73 €
128	18536-333	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G36650273	7	6.402,16 €
129	18595-333	CLUB REMO VIGO	G27852896	11	10.060,54 €
130	18615-333	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G27736438	1	914,59 €
131	18491-333	VIGO SQUASH	G36929511	9	8.231,35 €
132	18571-333	PRADO SURF CLUB	G36850014	1	914,59 €
133	18506-333	A.D. KIAP	G36788594	3	2.743,78 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	resultado final
134	18495-333	AS SPORT VIGO	G27749837	4	3.658,38 €
135	18437-333	CLUB DEPORTIVO SEUNG SPORT	G27810761	1	914,59 €
136	18480-33	CLUB TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	1	914,59 €
137	18453-333	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G36613685	9	8.231,35 €
138	18640-333	CLUB ALBORADA FRONTENIS	G36683118	1	914,59 €
139	18385-333	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G27762483	1	914,59 €
140	18585-333	ILLAS CIES TENIS DE MESA	G27849090	4	3.658,38 €
141	18626-333	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G36807881	2	1.000,00 €
142	18604-333	GALICIA MAXICA TRAIL ADVENTURE	G27782168	1	914,59 €
143	18381-333	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	8	3.000,00 €
144	18543-333	TRINORTH	G27796721	1	914,59 €
145	18432-333	A.D.CASTRO SAN MIGUEL	G36657856	6	5.487,57 €
146	18500-333	CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G36637890	5	4.572,97 €
147	18528-333	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G36614097	4	3.658,38 €
148	18605-333	A.D. MONTECASTELO	G36747574	6	5.487,57 €
149	18428-333	AGRUPACION DEPORTIVA VIGO	G36651123	7	6.402,16 €
150	18475-333	AGRUPACION DEPORTIVA XOGARA	G36655033	4	3.658,38 €
151	18579-333	CLUB DEPORTIVO BOMBEROS VIGO	G36884393	4	3.658,38 €
152	18515-333	C.D. COLEGIO MARIANO	G36649408	11	2.550,00 €
153	18401-333	FEDERACION VIGUESAPEÑAS REC EL OLIVO	G36704666	9	3.000,00 €
154	18533-333	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G36886901	2	1.829,19 €
155	18451-333	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G36630127	8	3.000,00 €
156	18648-333	LICEO MARITIMO DE BOUZAS	G36613081	1	914,59 €
157	18578-333	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	8	7.316,76 €
158	18471-333	BLACK VOLEY VIGO	G27747864	1	914,59 €
159	18568-333	FIT SPORT	G36988947	4	2.000,00 €
160	18499-333	XADREZ LUCENA	G36893154	3	2.743,78 €
161	18431-333	MANIOTAS	G36684819	18	16.462,71 €
162	18452-333	CLUB FLIC FLAC	G36931582	24	21.950,28 €
163	18575-333	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	16	14.633,52 €
164	18590-333	CSCR BEADE	G36904530	3	2.743,78 €
165	18413-333	ARENAS DE ALCABRE SCD	G36823912	18	13.000,00 €
166	18538-333	CLUB MOTO-BOX	G36973105	1	914,59 €
167	18529-333	CLUB VETERANOS SAMIL	G36841906	1	914,59 €
168	18454-333	CLUB PETANCA GALAICOS	G27840750	1	914,59 €
169	18526-333	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	14	5.000,00 €
170	18557-333	CLUB XADREZ DR.CASÁS VILA DE BOUZAS	G36918613	3	900,00 €
171	18547-333	ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO	G27808575	5	4.572,97 €
172	18627-333	CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS	G27768118	7	2.999,00 €
173	18505-333	CENTRO BUDO CASTRELOS	G36680106	5	2.950,00 €
174	18624-333	ASOCIACION DEPORTIVA BASKETGAL	G 27817584	7	2.900,00 €
175	18546-333	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G27727965	3	2.250,00 €
176	18450-333	YIDAN-CEIP BALAIDOS	G27782176	2	1.829,19 €
177	18598-333	CLUB ESCUELA ROSALÍA	G27827856	10	6.478,00 €
178	18481-333	CLUB APOSTOL SANTIAGO	G36646446	21	11.299,00 €

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	resultado final
	179 18411-333	CLUB PEÑASCO	G27804970	6	5.487,57 €
	180 18593-333	CLUB DEPORTIVO SAGABOX	G36987626	2	1.829,19 €
	181 18584-333	S.D. CLUB MARCOTE	G36658052	1	914,59 €
	182 18556-333	CLUB NATACION TRAVIESAS	G36823524	2	1.829,19 €
	183 18389-333	CLUB PATINAXE ART. VALLADARES	G36765733	7	6.000,00 €
				1072	

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2018-2019".

- Por non cumprir o requisito establecido na base 3ª.2, que establece que, en relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G36924249	18567-333

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
VIGOSPORTING E.D.	G27838283	18646-333
CLUB PETANCA SALGUEIRA	G36894517	18639-333
CLUB PETANCA TEIS	G36288413	18464-333
CLUB CENTAURUSCROSSINGTRAINING	G27862457	18636-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4, que establece que, as entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas".

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
FUNDACIÓN CLUB NÁUTICO DE VIGO	G27856962	18570-333

9(823).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN DE MULLERES EMPRESARIAS DE GALICIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019". EXPTE. 9129/224.



Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta do 18/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Asociación de Mulleres Empresarias de Galicia, CIF: G27826999, expediente 9129-224, foille concedida unha axuda por importe de 741,14 € para a realización do proxecto “Claves para unha comunicación efectiva”.

Con data 17 de setembro de 2019, a entidade Asociación de Mulleres Empresarias de Galicia, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento num. 190142049).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación de Mulleres Empresarias de Galicia, con CIF: G27826999, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(824).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL MONTE DA MINA DE CASTRELOS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓN DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019”. EXPTE. 9145/224.

Dáse conta do informe-proposta do 23/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Asociación Veciñal Monte da Mina de Castrelos, CIF: G36623593, exp. 9145-224, foille concedida unha axuda por importe de 494,10 € para a realización do proxecto “Curso de restauración e decoración do moble”.

Con data 20 de setembro de 2019, a entidade Asociación Veciñal Monte da Mina de Castrelos, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190144546).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación Veciñal Monte da Mina de Castrelos, con CIF: G36623593, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(825).- PROXECTO DE DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO(2019-2023). EXPTE. 9423/224.

Visto o informe xurídico do 17/09/19 e o informe de fiscalización do 20/09/19, dáse conta do informe-proposta do 17/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

PRIMEIRO.-

En data 21.11.2008. o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinaron un convenio de colaboración para a xestión do Centro de Emerxencia para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero. (Expte 3603/224. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.11.2008).

Mediante a sinatura do dito convenio, o Consorcio Galego comprometéase a asumir a xestión integral do Centro facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento. O Consorcio Galego xestionará o Centro de Emerxencia de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos (Decreto 143/2007 do 12 de xullo, Orde do 1 de abril de



Concello de Vigo

1997) e a súa propia normativa interna, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) A selección, contratación e dirección do persoal.
- b) A elaboración das normas de carácter interno e do proxecto de atención ás mulleres

aloхadas no dispositivo.

- c) Con carácter xeral, todas aquelas xestións que se deriven da cesión do uso do Centro.

O Concello de Vigo asumía a obriga de ceder ao Consorcio Galego o uso do inmoible, e o equipamento e mobiliario existente, así como o compromiso de contribuír cunha achega anual de 266.000,00 €, segundo o estipulado na cláusula Quinta do convenio.

SEGUNDO.-

En data 19.12.2014 ambas partes asinaron unha addenda ao referido convenio, co obxecto de adaptalo ao disposto na Disposición adicional terceira da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Pública. (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.12.2014). Froito das negociacións entre as partes, a dita addenda recollía unha minoración de 25.000,00 € na achega anual do Concello de Vigo. Así, na cláusula Sexta da addenda, o Concello de Vigo comprometéase a contribuír para o ano 2014 e seguintes aos gastos do Centro de Emerxencia cunha achega anual de 241.000,00 € .

Na cláusula Sétima do convenio, establecíase que a duración dese convenio se fixaba en 10 anos coa posibilidade de realizar prórrogas por períodos anuais, sen que a duración total puidese exceder de 20 anos.

TERCEIRO.-

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dispón, en relación coa regulación dos convenios, no seu artigo 49. h) o seguinte:

“Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.*
2. *En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no ordinal anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción”.*

A Disposición Adicional oitava desta lei establece que os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública deberán adaptarse ao previsto no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta lei, que tivo lugar o 2 de outubro de 2016.

CUARTO.-

Mediante escrito de data 30.10.2018, con entrada no Rexistro Municipal o 31/10/2018 e nº de documento: 180175229, a xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comunica *“a vontade de darlle continuidade ao convenio ata o 1 de outubro de 2019, sen prexuízo de que no período que resta para de vixencia do convenio ata a devandita data, se proceda a súa adaptación ás disposicións contidas no artigo 49 da Lei*

40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo o previsto na Disposición Adicional 3ª desta mesma lei”.

A teor do exposto, este servizo xestor valorou procedente tramitar e propoñer a aprobación dunha prórroga do convenio que comprendera o seguinte período: 21 de novembro de 2018 (data na que remata a vixencia) ata o 1 de outubro de 2019 (ambos incluídos), sen prexuízo de que no período que resta de vixencia do convenio ata a devandita data, se proceda a súa adaptación ás disposicións contidas no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo o previsto na Disposición Adicional 3ª desta mesma lei.

QUINTO.-

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo manifestan o desexo de colaborar para manter na cidade de Vigo o *Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero*, centro integrado na Rede Galega de Acollemento, que ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e a súa prole que se atopen nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia e temporal.

Mediante Resolución da concelleira delegada de Igualdade de data 19.07.2019, acórdase iniciar o expediente administrativo para tramitar un novo proxecto de convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero para o período 2019-2023.

En data 18.07.2019 envíase proposta do texto do novo convenio ao Consorcio e en data 12.09.2019 chégase a ultimar e consensuar por ambas partes o texto do convenio que se propón aprobar neste expediente e mediante o cal o Concello de Vigo, entre outros, asume o compromiso de ceder ao Consorcio o uso do inmovible da titularidade municipal no que se ubica actualmente o CEMVI co seu equipamento e mobiliario e colaborar no financiamento dos gastos derivados do funcionamento e mantemento do centro cunha achega máxima anual de 241.000,00 €. segundo queda establecido na cláusula Quinta do convenio proposto. Pola súa parte, o Consorcio asume o compromiso da xestión integral do CEMVI, facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento asumindo, entre outros compromisos, a xestión do persoal do Consorcio asignado ao centro segundo o previsto na cláusula Sexta do convenio proposto. A duración do convenio proposto fíxase en catro anos e terá vixencia desde a súa sinatura polas partes.

Para facer fronte aos pagos dos gastos do convenio durante o período de vixencia é necesario comprometer o importe total de 241.000,00 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “*Centro de Emerxencia*” 2311 2279900 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2020 da concellería de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o presente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2020.

Normativa

- . Lei 40/2015, do 1 de outubro de de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- . Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro , de racionalización e sustentabilidade da Administración local.



Concello de Vigo

- . Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- . Lei Orgánica 1/2004, do 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- . Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- . Lei 11/2007, do 27 de xullo, do Parlamento de Galicia, para o tratamento integral da violencia de xénero.
- . Lei 13/ 2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- . Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.
- . Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia.
- . *IV Plan Municipal de Igualdade do Concello de Vigo*, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en data 25.11.2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.01.2013.

Polo devandito neste informe, e tralos preceptivos informes xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (2019-2023).

2º.- Aprobar e autorizar o gasto de 241.000,00 € para facer fronte ao pago do convenio durante o primeiro ano da súa vixencia. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “Centro de Emerxencia” 2311 2279900 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2020 da concellería de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro da Concellería de igualdade; desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o presente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2020”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (2019-2023)

REUNIDAS

Dunha parte, D^a. Uxía Dolores Blanco Iglesias, na súa condición de Concelleira delegada da Área de Igualdade e Normalización Lingüística, segundo os Decretos do Alcalde – Presidente do Concello de Vigo do 18 de xuño de 2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. terceiro, Pto. 5), asistida pola Secretaria de Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Doutra parte, D. Perfecto Rodríguez Muiños, na súa condición de xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo nomeamento do seu Comité Directivo do 12.11.2015 (DOG núm. 221, do 19 de novembro), mediante delegación de sinatura, de, da Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar D^a. Fabiola García Martínez, e en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 07.07.2006) de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

As partes, na representación que ostentan e coa capacidade legal necesaria para formalizar este Convenio,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- *Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en adiante, o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o 03.07.2006, ten como misión principal, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.*

SEGUNDO.- *Que o Consorcio nace así, de acordo coas súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira garantir o acceso de todas as galegas e galegos a uns servizos sociais públicos de calidade a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións e realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.*

TERCEIRO.- *Que o Concello de Vigo adheriuse ao Consorcio por medio do Convenio asinado con data 02.02.2007.*

CUARTO.- *Que o 21.11.2008 o Consorcio e o Concello asinaron un convenio de colaboración para a xestión do «CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO» (en adiante, CEMVI). Na súa cláusula sétima a duración e*



Concello de Vigo

vixencia establecíase do seguinte xeito: “A duración deste convenio fíxase en 10 anos e terá vixencia desde a súa sinatura entre as partes. O convenio prorrogarase automaticamente por períodos anuais se ningunha das partes se opón á prórroga antes da finalización do correspondente período, sen que a duración total poida exceder de 20 anos”.

QUINTO.- *Que con data 19.12.2014 as partes asinaron unha Addenda ao referido Convenio co obxecto de adaptalo ao disposto na Disposición adicional terceira da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) dispón, en relación coa regulación dos convenios (art. 49. h), que os mesmos deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, a non ser que normativamente se preveña un prazo superior e que en calquera momento antes da finalización dese prazo os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

A disposición adicional oitava desta Lei establecía tamén que os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública deberían adaptarse ao previsto nela no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor da LRXSP (02.10.2016).

Mediante escrito de data 30.10.2018, con entrada no Rexistro xeral municipal o 31.10.2018 (Doc. nº 180175229), a xerencia do Consorcio comunicou a súa vontade de darlle continuidade ao Convenio ata o 01.10.2019.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 15.11.2018 aprobouse unha prórroga do Convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio para a xestión do CEMVI por un período que abrangue desde o 21.11.2018 ata o 01.10.2019, ambos incluídos.

SEXTO.- *Que o artigo 25.2.o] da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) sinala que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.*

Ademais, o artigo 57 da LRBRL establece que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, se desenvolverán con carácter voluntario baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso mediante os consorcios ou os convenios administrativos que se asinen, que deben mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades e cumprir coa estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1, inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia

ás mulleres, ós seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela ou garda e custodia, vítimas desta violencia. Recoñece tamén, no seu artigo 19, o dereito á asistencia social integral para as vítimas e a competencia para a súa organización por parte das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponse aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e, en concreto, ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, para tal efecto, co resto das Administracións públicas.

Pola súa banda, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, do Parlamento de Galicia, para o tratamento integral da violencia de xénero establece (art. 48) a “Rede galega de Acollemento” e define os centros de acollida como recursos especializados residenciais temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece a estrutura do sistema de servizos sociais, consonte a dous niveis de actuación e establece as competencias dos Concellos e da Comunidade Autónoma na materia.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais, de conformidade co disposto na Lei 13/2008.

Finalmente, o “IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo”, aprobado polo Pleno da Corporación o 25.11.2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do 25.01.2013, contempla entre os seus obxectivos específicos garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero e, entre as actuacións a poñer en marcha, a potenciación e o incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.

SÉTIMO.- Que o Concello de Vigo dispón na cidade dunha serie de recursos específicos de atención ás vítimas de violencia de xénero que complementan e se coordinan co CEMVI para garantir unha atención integral. Destacan os seguintes:

- O “Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller” (CMIDM), onde se ofrece o servizo de información e asesoramento profesional no eido social, xurídico e psicolóxico a mulleres e o programa de atención psicolóxica a menores, fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero usuarias do CMIDM.
- A Rede municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero. Trátase de centros de acollida e inclusión social que ofrecen un recurso de acollemento a medio e longo prazo que complementan a prestación de acollemento de primeiro nivel de atención que presta o CEMVI.



Concello de Vigo

- *Outros programas como o Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), o Programa municipal de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero ou o Programa municipal de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia.*

OITAVO.- *Que con base ao anterior e co fin de continuar o desenvolvemento da xestión do CEMVI, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un novo convenio de colaboración de acordo coas seguintes,*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade do Convenio.

O presente convenio ten por obxecto regular a xestión e o mantemento do CEMVI establecendo o marco da colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo e definindo as achegas de cada unha das partes e as obrigas e compromisos que adquiren, de acordo sempre cos principios de atención de emerxencia, especializada e multidisciplinar.

SEGUNDA.- Descrición do Servizo.

O CEMVI, integrado na Rede Galega de Acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e á súa prole que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

O Centro garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

Ten como obxectivos xerais:

- *Protexer á muller e á súa prole e/ou persoas dependentes con vínculo afectivo, ofrecéndolles un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos.*
- *Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor.*
- *Ofrecer un espazo temporal e os apoios profesionais nas áreas persoal, familiar, psicolóxica, xurídica e social integral para favorecer a toma de decisións.*
- *Facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero.*
- *Favorecer a adquisición de independencia e autonomía persoal das mulleres, ofrecendo os recursos oportunos ó seu momento vital e contribuír á súa total recuperación.*

- Facer unha efectiva coordinación de recursos e lograr unha detección de casos e unha intervención máis áxil e eficiente.

Os seus obxectivos específicos son:

- Reducir o estres e a sintomatoloxía asociada á situación de emerxencia.
- Iniciar a construción da demanda por parte da muller de xeito personalizado.
- Iniciar os tratamentos profesionais axeitados polo propio Centro ou polos dispositivos que correspondan, a través das oportunas derivacións.

O ámbito de actuación do Centro é autonómico. O procedemento de acceso realízase a través do Protocolo de acceso á Rede galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, asinado o 25.05.2016. Tamén poderá acoller a mulleres e persoas delas dependentes procedentes doutras Comunidades Autónomas do Estado, no marco do Acordo do 21.07.2014, da Conferencia Sectorial de Igualdade, polo que se aprobou o "Protocolo de derivación entre las comunidades autónomas para la coordinación de sus redes de centros de acogida para las mujeres víctimas de la violencia de género y de sus hijos e hijas".

ORZAMENTO ESTIMADO ANUAL CEMVI-2019 ¹

TERCEIRA.- Estadía no Centro

CAPÍTULO I

CAPÍTULO II

A estadía no CEMVI será a determinar do propio Centro (Centro de Emerxencia) coas características singulares valoradas polo seu equipo técnico

PROGRAMA APLICACIÓN	CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	NÚM. PROXECTO	MODALIDADE	DESCRIPCIÓN PROXECTO
313D	2213	UTENSILIOS	00008	3110	CEMVI
313D	216	EQUIPOS DE ESTUDIO	00008	3110	CEMVI
313D	220	INFORMACIÓN	00008	3110	CEMVI
313D	22001	MATERIAL DE OFICINA	00008	3110	CEMVI
313D	22002	PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS	00008	3110	CEMVI
313D	221	MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	00008	3110	CEMVI
313D	22101	SUBMINISTRACIÓNS	00008	3110	CEMVI
313D	22105	AUGA	00008	3110	CEMVI
313D	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS	00008	3110	CEMVI
313D	22199	OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS	00008	3110	CEMVI
313D	222	COMUNICACIÓNS	00008	3110	CEMVI
313D	22603	XURÍDICOS, CONTENCIOSOS	00008	3110	CEMVI
313D	22699	OUTROS	00008	3110	CEMVI
313D	22701	SEGURANZA	00008	3110	CEMVI
313D	228	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	00008	3110	CEMVI
313D	228	PROXECTOS	00008	3110	CEMVI
313D	228	COMUNICACIÓN	00008	3110	CEMVI
TOTAL					

CUARTA.- Situación e capacidade.

O CEMVI está situado no termo municipal de Vigo e dispón dunha capacidade de 20 camas, incluídas mulleres e persoas delas dependentes

QUINTA.- Prestacións ás persoas usuarias.

O CEMVI prestará a todas as usuarias e persoas delas dependentes unha atención integral que poderá comprender, segundo as necesidades do caso, as seguintes prestacións:

- Atención psicolóxica
- Asesoramento xurídico
- Atención social
- Acollemento de urxencia, garantindo o seu confort e seguridade básicos, con aloxamento, protección, manutención (con menús e dietas adecuadas as súas necesidades) e prestacións básicas (farmacia, hixiene, enseres básicos e gastos de emerxencia).

TOTAL

¹ As contías previstas poderán ser actualizadas segundo a normativa orzamentaria que resulte de aplicación e as necesidades do servizo exercicios



Concello de Vigo

- *Apoio educativo, social, de saúde e persoal nas relacións interpersoais e no establecemento dunha convivencia no Centro.*
- *Planificación, programación e execución de actividades ocupacionais, culturais e lúdicas orientadas á atención integral e inserción social e laboral das mulleres e menores acollidas.*
- *Intervención por parte do equipo de profesionais (psicolóxica, xurídica, educativa e social) nos termos que se establezan nos protocolos de actuación.*
- *Xestión dos recursos sociais, educativos ou sanitarios que sexan precisos, así como a derivación a este no caso necesario.*
- *Intervención socioeducativa e psicolóxica cos e coas menores acollidas.*
- *Coidado dos e das menores acollidas cando a súa nai non pode realizar o dito coidado ben por motivo laboral, de asistencia a xestións, citas médicas, trámites noutros servizos, xuízos, etc., así como por enfermidade ou algunha circunstancia pola que se valore que a nai non pode atendelos.*
- *Procurarlles un recurso alternativo ás mulleres que non poidan permanecer no Centro por non considerar que sexa o recurso máis idóneo (atendendo ás posibles circunstancias de enfermidade grave, drogodependencia, trastorno mental grave, etc.), atendendo especialmente á súa situación e violencia de xénero e realizando a debida derivación a estes recursos.*

SEXTA.- Persoal.

Para realización das anteriores prestacións o CEMVI contará co persoal esixido pola Orde do 1 de abril de 1997 (DOG núm. 96, do 21 de maio), e demais normativa que para tal fin resulte de aplicación.

*O persoal laboral do Consorcio asignado ao CEMVI – que se relaciona no **anexo II** dependerá exclusivamente deste, sendo o Concello alleo á dita relación laboral. O Consorcio queda obrigado, respecto ao seu persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento.*

O Consorcio poderá ampliar o persoal asignado ao centro sempre que as necesidades do servizo así o aconsellen e substituirá as baixas e ausencias do persoal que, no seu caso, sexan necesarias, co fin de dar cumprimento á normativa citada no parágrafo primeiro. Con este mesmo fin, poderá contratar a prestación daqueles servizos que sexan necesarios para garantir a atención integral das persoas usuarias, segundo as modalidades previstas pola lexislación vixente.

SÉTIMA.- Atribucións.

O Consorcio xestionará o CEMVI de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos e a súa propia normativa interna. Correspóndelle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) A selección, contratación e dirección do persoal.
- b) A elaboración das normas de carácter interno.
- c) A elaboración do proxecto de intervención coas mulleres aloxadas no dispositivo.
- d) A elaboración dos protocolos de derivación e coordinación con outros servizos de atención que correspondan.
- e) Aprobar as posibles modificacións das normas de réxime interno do Centro, logo da consulta e participación por parte do Concello.
- f) Con carácter xeral, todas aquelas xestións que se deriven da cesión de uso do Centro.

O Concello de Vigo participará na xestión do CEMVI nos termos e proporción que determinen as normas de carácter interno da mesma e, en todo caso, colaborando na tramitación das solicitudes para o acceso ao mesmo a través dos seus servizos sociais específicos de atención ás mulleres; especialmente, o CMIDM.

OITAVA.- Obrigas das partes.

a) Obrigas do Concello:

- 1.- Ceder ao Consorcio o uso do inmovible de titularidade municipal no que se ubica actualmente o CEMVI e o equipamento e mobiliario detallado no inventario que se incorpora como anexo.
- 2.- Colaborar no financiamento dos gastos derivados do funcionamento e mantemento do CEMVI, cunha achega máxima anual de 241.000 €, segundo o establecido na Cláusula Quinta do presente convenio.
- 3.- Asumir o custo das posibles obras de consolidación, reestruturación ou rehabilitación do inmovible que sexan necesarias segundo ditame do servizo técnico municipal competente.
- 4.- Realizar o seguimento e coordinación do servizo co Consorcio, promovendo reunións mensuais de coordinación co equipo técnico do Centro de Emerxencia co equipo técnico do CMIDM.
- 5.- Supervisar o uso das prazas reservadas e a ocupación que se faga das mesmas.
- 6.- Constituír unha Comisión de seguimento, consonte o disposto na cláusula Décimo Primeira deste Convenio.



Concello de Vigo

b) Obrigas do Consorcio:

- 1.- *Asumir a xestión integral do CEMVI, facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento.*
- 2.- *Velar polo bo uso do inmovble, mobiliario e demais equipamento do dispositivo e presentar ao remate de cada ano un inventario actualizado con indicación expresa das baixas e tamén das reposicións e/ou incorporacións producidas durante o ano, que pasarán a ser propiedade do Concello.*
- 3.- *Xestionar a limpeza diaria das instalacións (habitacións, baños, cociña, salóns, despachos, ventás, neveiras, etc.).*
- 4.- *Asumir os traballos ordinarios de conservación e mantemento periódico do inmovble e o seu xardín, incluíndo a reparación e substitución puntual do material de cubrición da cuberta, a limpeza de canos e baixantes, a reparación das instalacións do Centro (electricidade, saneamento...), a pintura de paramentos, mantemento de solados, cerramentos e, en xeral, os demais traballos de conservación e mantemento que, pola súa escasa entidade, non precisen de proxecto.*
- 5.- *Velar pola seguridade das persoas usuarias e do persoal do CEMVI realizando e mantendo actualizados os debidos protocolos de seguridade e riscos, sistema de seguridade e video- vixilancia, revisións periódicas de instalacións e de equipos eléctricos e gas, etc.*
- 6.- *Será tamén responsabilidade do Consorcio os compromisos e obrigas adquiridos co seu persoal así como coas entidades e empresas externas coas que teña ou tivese relación de contraprestación ou contractual: servizos de seguridade e alarmas, mantemento de ascensores, servizos de catering, subministro de alimentos, enseres, produtos de limpeza, hixiene, etc, revisións de instalacións ou equipamento, etc.*
- 7.- *O Consorcio colaborará co Concello de Vigo no desenvolvemento de campañas de detección da violencia de xénero, nas actividades de sensibilización de axentes sociais, educativos e sanitarios e en todas aquelas actuacións que neste ámbito poidan ser solicitadas.*
- 8.- *Asumir a xestión do seu persoal asignado ao centro segundo o previsto na cláusula sexta do convenio.*
- 9.- *Cumprir a normativa laboral, da Seguridade Social, de seguridade e saúde laboral, prevención de incendios e de protección de datos que se atope vixente en cada momento.*

10.- Comunicar á Concellería de Igualdade do Concello as altas e as baixas que se produzan no CEMVI con periodicidade semanal.

11.- Facilitar ao Concello de Vigo un informe trimestral sobre a execución do servizo e unha memoria anual ao remate de cada ano. Os ditos informes e memorias incorporarán os ítems que propoña a Concellería de Igualdade.

12.- Manter o servizo en funcionamento, valorar a idoneidade das usuarias do servizo e garantir a atención e recuperación ás mulleres en situación de violencia de xénero e ás persoas que delas dependan.

13.- Valorar as condicións de ingreso no Centro, tanto de acceso como de permanencia ou, de ser o caso, a necesidade de prórroga, de acordo co regulamento interno e a normativa da Xunta e demais normativa vixente.

14.- Garantir o cumprimento do regulamento e normas de réxime interno, así como a restante normativa vixente.

15.- Cumprir co procedemento de actuación, na forma e nos prazos, para a tramitación das prazas de conformidade co Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, da Xunta de Galicia.

16.- Garantir a acollida no CEMVI das mulleres vítimas de violencia de xénero e as persoas delas dependentes derivadas polo Concello de Vigo atendendo ao especificado na cláusula Décimo Terceira deste convenio.

17.- Informar á Concellaría de Igualdade sobre as modificacións que se produzan no Regulamento de réxime interno do CEMVI antes da súa aprobación para garantir a participación do Concello na súa redacción.

18.- Publicitar a colaboración do Concello de Vigo en toda difusión e información que se realice do Servizo, incluíndo o logo do Concello en todos os soportes internos, comunicacións aos medios, paxinas web, redes sociais, etc.

19.- No caso de que por parte do equipo técnico do CEMVI se valore que algunha muller acollida no dispositivo non debe permanecer no mesmo (ben por non ser o recurso máis idóneo para ela ou ben para o resto das usuarias) e existindo outras circunstancias engadidas á súa situación de violencia de xénero (enfermidade grave, drogodependencias, trastornos mentais graves, etc.) o Consorcio, a través do seu equipo técnico, procuraranlle un recurso alternativo ás súas circunstancias, atendendo especialmente á súa situación de violencia de xénero e realizará a debida derivación ao dito recurso.

20.- Comunicar calquera tipo de cambio ou alteración na prestación do servizo.



Concello de Vigo

NOVENA.- Financiamento.

O Concello comprométese a contribuír aos gastos do CEMVI cunha achega máxima de 241.000 € anuais; contía que se estima axeitada para atender ás súas necesidades tendo en conta os gastos de funcionamento que se estiman nun importe anual de 494.485,72 euros (segundo o orzamento do servizo que achega o Consorcio e que se incorpora a este convenio como **anexo I**). O Consorcio financiará o funcionamento do servizo coa contía que resta ata acadar o devandito importe ou, de ser o caso, o que resulte da súa actualización segundo a normativa orzamentaria que resulte de aplicación e as necesidades do servizo.

As achegas serán revisadas anualmente pola Comisión de Seguimento do Convenio. En todo caso, aquela achega máxima do Concello poderá minorarse no suposto de que se obteñan fondos doutras Administracións, na mesma contía.

As obrigas económicas do Concello de Vigo derivadas deste Convenio serán atendidas, no exercicio de 2019, con cargo á aplicación nº 2311.227.99.00 ("- Centro de emerxencia") dos orzamentos vixentes. A efectividade das achegas previstas para os exercicios futuros estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos deses anos (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26).

As obrigas económicas do Consorcio imputaranse ás aplicacións correspondentes ao programa 313 D dos orzamentos do Consorcio para o ano 2019, quedando supeditada a efectividade das achegas previstas para os restantes exercicios á existencia de crédito para tal fin nos seus orzamentos.

DÉCIMA.- Forma de pagamento.

O Concello de Vigo aboará o importe da súa achega, cunha periodicidade trimestral, en catro partes de igual valor nos meses de xaneiro, abril, setembro e decembro, previa presentación por parte do Consorcio do informe trimestral de gastos e seguimento da ocupación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de Seguimento.

A vixilancia e o seguimento do Convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada, por parte do Consorcio, polo xerente e a directora do CEMVI ou técnica na que se delegue e, por parte do Concello de Vigo, pola concelleira delegada de Igualdade e a xefa do Servizo de Igualdade ou técnica na que se delegue.

Esta Comisión terá como funcións o seguimento e, de ser o caso, a proposta do proxecto de intervención do Centro, a avaliación dos resultados da execución do convenio e propostas de mellora, seguimento do estado de gastos e actualización das achegas económicas das

partes, o deseño do programa anual de actividades do Centro e das campañas divulgativas e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do Convenio.

A Comisión reunirase, cando menos, unha vez ao ano a pedimento de calquera das partes. Destas reunións redactarase sempre a correspondente acta.

DÉCIMO SEGUNDA.- Coordinación co equipo técnico da Concellaría de Igualdade.

Con carácter semanal, o CEMVI comunicará á Concellaría de Igualdade as altas e as baixas que se produzan.

Cando unha muller ou unidade familiar cause baixa no CEMVI e permaneza residindo no termo municipal de Vigo, o persoal do Centro realizará a debida derivación ao equipo do CMIDM para o seguimento da situación. Isto sen prexuízo de realizar outras derivacións ou comunicacións que se consideren necesarias para o benestar das mulleres e das persoas delas dependentes (xulgado, fiscalía, corpos e forzas de seguridade, servizo de menores, servizos sociais de atención primaria, servizos sanitarios, etc.).

O persoal técnico do CEMVI reunirase polo menos unha vez ao mes co equipo profesional do CMIDM. Os obxectivos destas reunións son:

- Realizar o seguimento dos proxectos de intervención das usuarias do dispositivo, de cara a poder establecer criterios conxuntos de intervención de forma coordinada.*
- Derivar ao CMIDM ás mulleres que causen alta no Centro e continúen residindo no termo municipal de Vigo.*
- Derivar á Rede Municipal de Vivendas de protección ás unidades familiares nas que se considere que é o recurso idóneo previo informe técnico do equipo do CEMVI.*

DÉCIMO TERCEIRA.- Reserva de prazas.

Continuarase garantindo a acollida no CEMVI das mulleres vítimas de violencia de xénero e as persoas delas dependentes derivadas polo Concello de Vigo. Os servizos municipais de atención ás mulleres derivarán os casos ao CEMVI con informe técnico previo. En casos de urxencia o informe de derivación poderá ser posterior ao ingreso da muller.

O CEMVI poderá aceptar ingresos doutros concellos sempre e cando garanta o acceso ao dispositivo das mulleres derivadas polo Concello de Vigo; para isto atenderá especialmente aos casos derivados polos Concellos de Pontevedra, única provincia onde non existen outros dispositivos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero.



Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Duración e vixencia.

De conformidade co contido do artigo 49 h) da LRXSP a duración deste Convenio fíxase en catro (4) anos e terá vixencia dende a súa sinatura polas partes.

O Convenio poderá prorrogarse por catro (4) anos máis, sen que a súa duración total poda superar o prazo máximo de oito (8) anos. Cada unha das prórrogas será por un período dun (1) ano de duración e precisarán do acordo previo das partes e a aprobación da Xunta de Goberno Local antes da finalización da vixencia do Convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Modificación do Convenio.

Calquera modificación non prevista do contido deste Convenio precisará do acordo expreso das partes asinantes e instrumentarase mediante a correspondente Addenda.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos.

O Consorcio e o persoal ao seu servizo na execución do contrato están obrigados, como encargados do tratamento de datos persoais, ao cumprimento do disposto nas disposicións legais e regulamentarias que en materia de protección de datos se atopen en vigor na data de adxudicación do contrato ou durante a súa vixencia. Na actualidade, a normativa básica aplicable está constituída polo Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO SÉTIMA.- Causas de resolución.

Son causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo, de conformidade co previsto no artigo 51.2 da LRXSP, cos efectos establecidos no artigo 52 do mesmo texto legal.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio terá carácter administrativo e rexerese polo establecido nas súas cláusulas, quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público agás, de ser o caso, para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento. A falta de acordo, someteranse ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados na cabeceira do que eu, como Secretaria de goberno local, dou fe.

ANEXO I- ORZAMENTO

ORZAMENTO ESTIMADO ANUAL CEMVI-2019 ¹						
CAPÍTULO I						394.485,72 €
CAPÍTULO II						
PROGRAMA APLICACIÓN	CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	NÚM. PROXECTO	MODALIDADE	DESCRIPCIÓN PROXECTO	CRÉDITO
313D	213	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS	00008	3110	CEMVI	11.581,00
313D	216	EQUIPAMENTOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	00008	3110	CEMVI	0,00
313D	220	MATERIAL DE OFICINA	00008	3110	CEMVI	623,45
313D	22001	PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS	00008	3110	CEMVI	380,00
313D	22002	MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	00008	3110	CEMVI	378,22
313D	221	SUBMINISTRACIÓNS	00008	3110	CEMVI	3.755,15
313D	22101	AUGA	00008	3110	CEMVI	2.794,08
313D	22102	GAS	00008	3110	CEMVI	2.193,26
313D	22105	PRODUTOS ALIMENTICIOS	00008	3110	CEMVI	0,00
313D	22199	OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS	00008	3110	CEMVI	10.287,98
313D	222	COMUNICACIÓNS	00008	3110	CEMVI	2.399,81
313D	22603	XURÍDICOS, CONTENCIOSOS	00008	3110	CEMVI	9.680,00
313D	22699	OUTROS	00008	3110	CEMVI	7.345,80
313D	22701	SEGURANZA	00008	3110	CEMVI	1.820,55
313D	228	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	00008	3110	CEMVI	45.211,53
313D	230	AXUDAS DE CUSTO	00008	3110	CEMVI	205,70
313D	231	LOCOMOCIÓN	00008	3110	CEMVI	1.343,47
TOTAL						100.000,00
TOTAL						494.485,72 €

¹ As contías previstas poderán ser actualizadas segundo a normativa orzamentaria que resulte de aplicación e as necesidades do servizo en sucesivos exercicios

ANEXO II – PERSOAL

1.- O cadro de persoal do CEMVI na data da sinatura do presente convenio é o seguinte:

1 psicóloga

3 educadoras sociais

2 traballadoras sociais

3 psx



Concello de Vigo

2.- No CEMVI prestan os seus servizos a tempo completo, como persoal laboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, 1 psicóloga, 3 educadoras sociais, 1 traballadora social, que exerce as funcións de dirección do centro, e 3 psx.

3.- O persoal laboral do Consorcio está incluído no ámbito de aplicación do V convenio colectivo único de persoal laboral da Xunta de Galicia nos termos previsto no acordo de integración do 6.3.2017 publicado no DOG do 23 de xuño de 2017 (DOG núm. 119, do 23 de xuño), por Resolución do 8 de xuño de 2017.

A aprobación dos instrumentos de ordenación do persoal realizarase polo Consorcio consonte a normativa que neste ámbito resulte de aplicación.

12(827).- PRÓRROGA DE CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-D-6. EXPTE. 9092/224.

Dáse conta do informe-proposta do 23/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica da Área e a concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte

*O día 13 de marzo de 2019 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE núm. ****8133*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. ****8133* e o seu fillo, a ocupen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/03/2019.*

Desde o día 2 de abril de 2019 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 20 de setembro de 2019 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 2 de outubro de 2019 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 9092/224.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(828).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 104/105.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/09/19 asinado pola arquitecta da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, o xefe de Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En sesión extraordinaria e urgente de data 11 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou impulsar o procedemento para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (en adiante, PMPDIF), a cuxos efectos se constituíu unha Comisión Técnica de Seguimento do Plan, ó tempo que se designaba responsable da dirección e coordinación do proceso de elaboración e aprobación deste ó concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos (expte. 104/105).

Con data 11/03/19, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, resolveu adjudicar o contrato menor de servizos para a redacción do PMPDIF a favor da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. (expte. 11861/446).

Con data de entrada no Rexistro Electrónico deste Concello do 7 de maio de 2019, a adxudicataria achegou o “Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa” (doc. 190066631).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 09/05/2019, aprobou inicialmente o “Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo”.

Douse traslado deste acordo á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural a para o seu coñecemento. Tamén, ós distintos servizos municipais.

O dito documento someteuse a información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante a inserción de anuncio no BOPPO do 06/06/2019, e estivo a disposición do pública, na web do Concello de Vigo, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e nas dependencias



Concello de Vigo

da Casa do Consistorial. Tamén, se efectuaron diversas comunicacións de difusión deste trámite a través da prensa local, asociacións e comunicades de montes veciñais en man común.

Durante o trámite de información pública presentáronse tres alegacións: Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (DOC. 190086575), Comunidade de Montes Teis (DOC. 190092356), C.M.V. San Xurxo de Saiáns (DOC. 190094401).

As alegacións remitíronse ó equipo redactor para o seu estudo e consideración.

A entidade Cartoplan Atlántico, S.L. achego o documento definitivo do “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo (PMPDIF)” en data do 16/09/2019, que incorpora a rede secundaria definitiva de faixas de xestión da biomasa a cal fora obxecto de aprobación inicial e información pública.

O documento PMPDIF foi informado favorablemente polo Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, da Área de Seguridade e Mobilidade e do Servizo de Medio Ambiente.

II.- CONTIDO DO DOCUMENTO DE PMPDIF

O documento do PMPDIF foi redactado polo enxeñeiro agrónomo, José Antonio González Ferreira, e pola enxeñeira de montes, María Carmen Martínez Santorio, da entidade Cartoplan Atlántico, S.L., e asinado electrónicamente o último documento o 13 e o 15 de setembro de 2019, respectivamente, e consta de:

I.- MEMORIA.

- 1.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN
- 2.- OBXECTIVOS
- 3.- ÁMBITO TERRITORIAL
- 4.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL
- 5.- ACTUACIÓNS PREVISTAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS
- 6.- MEDIOS PARA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.
- 7.- REGULACIÓN E NORMATIVA DE APROVEITAMENTOS E USOS QUE POIDAN DAR LUGAR A LUMES FORESTAIS
- 8.- PROPOSTA DE MELLORAS
- 9.- ANÁLISE ECONÓMICO
- 10.- CONTROL DO PLAN

II.- CARTOGRAFÍA

- PLANO 01.-LOCALIZACIÓN DE CUADRÍCULA. (E: 1:30.000).
- PLANO 02.- PLANEAMENTO (PXOU 93). (E: 1:30.000).
- PLANO 03.- DELIMITACIÓN DO MONTE E ÁREA DE INFLUENCIA. (E: 1:30.000).
- PLANO 04.- REDE SECUNDARIA DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA. (E: 1:1.000)
- PLANO 05.-PENDENTES. (E: 1:30.000). PLANO No 06. ORIENTACIÓN. (E: 1:30.000).
- PLANO 07.- VEXETACIÓN ARBÓREA. (E: 1:30.000).
- PLANO 08.1.- HIDROLOXÍA: CONCAS E REDE FLUVIAL. (E: 1:30.000).
- PLANO 08.2.- HIDROLOXÍA: HUMEDAIS. (E: 1:30.000).
- PLANO 09.- ACTIVIDADE INCENDIARIA. (E: 1:30.000).

PLANO 0.- PUNTOS POTENCIALMENTE PERIGOSOS. (E: 1:30.000).
PLANO 11.- PUNTOS DE CARGA DE AUGA E VIAL DE ACCESO. (E: 1:30.000).
PLANO 12.1.- ÍNDICE DENSIDADE DE INFRAESTRUTURAS (Idi). (E: 1:30.000).
PLANO 12.2.- ÍNDICE DENSIDADE EXPOSICIÓN (Ie). (E: 1:30.000).
PLANO 12.3.- ÍNDICE PENDENTE (Ip). (E: 1:30.000).
PLANO 12.4.- ÍNDICE DE COMBUSTIBLES (Ic). (E: 1:30.000).
PLANO 12.5.- ÍNDICE DE DIFICULTADE DE EXTINCIÓN (IDE). (E: 1:30.000).

III.- ANEXOS

ANEXO I.- Relación de parcelas afectadas pola rede de faixas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

ANEXO II.- Modelo de comunicación de requirimento.

ANEXO III.- Modelo de comunicación autorización queima.

ANEXO IV.- Denuncia de non cumprimento da xestión da biomasa nas redes secundarias.

ANEXO V.- Anuncios e aprobacións inicio do plan.

ANEXO VI.- Informe alegacións presentadas

ANEXO Complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional.

III.- ANÁLISE DO DOCUMENTO DE PMPDIF:

Segundo os informes técnicos emitidos polos servizos técnicos municipais de planeamento da Xerencia de Urbanismo, da Área de Seguridade e Mobilidade e do Servizo de Medio Ambiente cómpre sinalar o seguinte:

III.1.- DENDE O PUNTO DE VISTA URBANÍSTICO:

III.1.1.- PMPDIF E PLANEAMENTO VIXENTE

Na elaboración do PMPDIF resulta necesario delimitar o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable, é dicir, o conxunto dos terreos que forman os núcleos de poboación do municipio. Xa que logo, atenderase á clasificación urbanística do solo que se establece no plan xeral vixente no Concello de Vigo.

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (a súa aprobación definitiva foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P. nº 133, o 14 de xullo de 1993). Trátase en realidade do denominado *Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia)*.

O PXOU 1993 foi redactado no marco da LASGA (Lei 11/85), e non se adecúa á lexislación urbanística vixente (Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG) e ó seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG)); polo tanto, a súa clasificación urbanística non se axusta ás clases de solo vixentes na actualidade.

O plan xeral vixente ten a consideración de instrumento de planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e non adaptado á LOUGA (Lei



Concello de Vigo

9/2002), porén, na actualidade, conserva a súa vixencia consonte ás regras establecidas na Disposición transitoria primeira, apartado 2, da LSG:

“a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado. Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.

b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico”.

Segundo o disposto nesta Disposición Transitoria Primeira, establécense as seguintes equivalencias entre as clases de solo vixentes na actualidade, ás que tamén se refire a LPDIFG, e as que establece o planeamento municipal vixente:

- O solo urbano correspóndese co solo urbano do PXOU 1993, a excepción do solo urbano incluído nas delimitacións de núcleos rurais existentes de recente formación e os tradicionais.
- O solo de núcleo rural, que non existe como tal no PXOU 1993, correspóndese coas delimitacións de núcleo rural existente de recente formación e tradicionais (tanto as delimitacións en solo urbano como as de solo non urbanizable).
- O solo urbanizable correspóndese co solo urbanizable programado no PXOU 1993, así como o solo urbanizable non programado con planeamento de desenvolvemento aprobado.
- O solo rústico correspóndese co solo non urbanizable e co solo urbanizable non programado sen planeamento de desenvolvemento aprobado.

Forman parte da documentación gráfica do PMPDIF os planos *02 Planeamento* e *03 Delimitación do monte e da área de influencia* onde se comprobou que se ven reflectidas as equivalencias das distintas clases de solo do PXOU do ano 1993 anteriormente ditas, na delimitación do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable que se usa como base do plan de prevención.

A delimitación do monte, tal e como define o artigo 2 da LPDIFG non inclúe terreos clasificados como solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable.

A rede secundaria de faixas de xestión da biomasa que contén o PMPDIF axústase ao artigo 21.a da LPDIFG, é unha franxa perimetral ao límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, e non inclúe as franxas que se atopan circundadas por solos urbanos, de núcleo ou urbanizables.

Na rede de faixas secundarias de xestión é obrigatorio xestionar a biomasa dentro da zona de influencia de 400 metros, e nunha franxa perimetral de 50 metros arredor das edificacións destinadas ás persoas, as vivendas illadas, urbanizacións, vertedoiros, cámpings, gasoleiras e instalacións industriais (artigo 21.b da LPDIFG). Na documentación presentada para a definición destas franxas perimetrais de 50 metros tomáronse en conta tamén as edificacións situadas nos concellos limítrofes.

Soamente se delimita a franxa perimetral do artigo 21.c da LPDIFG para 3 edificacións illadas fóra da zona de influencia.

As franxas resultantes de aplicar o artigo 21 da LPDIFG se reflicten na documentación gráfica do plan de prevención fusionadas como unha única delimitación, a cal se pode ver nos planos 04 sobre unha base formada pola ortofoto PNOA do ano 2017 e o parcelario catastral.

Estes planos 04 de delimitación da rede secundaria utilizan o corte das follas cartográficas da cartografía oficial do Concello de Vigo; achegando ademais o plano 01 como mapa guía das ditas follas ao longo do termo municipal.

Tamén forma parte da documentación un anexo coa relación das parcelas catastrais incluídas na delimitación da rede, onde se poden localizar mediante a súa referencia catastral, e no que se sinala a superficie da parcela segundo os datos catastrais e a superficie incluída na cal se debe xestionar a biomasa forestal.

III.I.2. PMPDIF E INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL

Tal e como se expuxo, o planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de 1993, xa que a declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo do ano 2008, polo que recobrou a súa vixencia o dito PXOU 1993. Dito plan xeral, tramitado ao abeiro dunha lexislación que xa non está vixente, non se axusta á realidade existente no referente á situación urbanística.

O documento de “Delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo”, aprobado inicialmente o 9 de maio de 2019, ao igual que o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, tiveron en conta o Plan Xeral do ano 1993 vixente á hora de delimitar o núcleos de poboación (solo urbano, de núcleo rural e urbanizable).

A raíz da antedita sentenza, o Concello acordou no ano 2015 comezar a tramitación dun novo plan xeral adaptado á lexislación vixente: a revisión do PXOU 1993.

No ano 2017, coa entrada en vigor da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO en adiante), posibilitouse a recuperación de parte da ordenación do plan anulado mediante a tramitación dunha ordenación provisional, polo



Concello de Vigo

que o Concello de Vigo decidiu elaborar un instrumento de ordenación provisional (IOP en adiante), mentres tramitaba o pertinente plan xeral de ordenación municipal, xa que o PXOM de 2008 se axustaba mais á realidade existente no termo municipal.

Este IOP tivo aprobación inicial en xullo de 2018, e xa o 24 de xullo de 2019 o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente este instrumento que permite recuperar gran parte do solo urbano do plan xeral anulado do ano 2008. No momento da redacción do presente informe aínda está pendente dos trámites oportunos para a súa entrada en vigor.

Esta ordenación “provisional”, tal e como o seu propio nome indica, ten unha vixencia temporal mentres se tramita un novo plan. Este IOP mantén a súa vixencia en tanto en canto se cumpran os prazos sinalados na tramitación do novo plan xeral (artigo 87 da LMFAO):

“En todo caso, o concello que aprobe instrumentos de ordenación provisional dos previstos na presente lei deberá presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobar inicialmente o novo instrumento no prazo de dous anos e aprobar provisionalmente o novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses. Os anteriores prazos contaránse cada un deles desde a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional.

O cumprimento dos trámites a que fai referencia o parágrafo anterior dentro dos prazos sinalados para tales efectos é requisito inescusable para o mantemento da vixencia dos instrumentos de ordenación provisional aprobados de acordo co previsto na presente lei. Transcorrido calquera dos prazos sinalados sen se cumpriren os trámites previstos neste artigo, o instrumento de ordenación provisional aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio do previsto na presente lei e quedará inmediatamente sen efecto”.

Como consecuencia da aprobación definitiva do IOP e a súa inminente entrada en vigor, incorporouse o Anexo Complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional, que contén a delimitación da rede secundaria de faixas de xestión calculada segundo a nova clasificación de solo que xurde deste instrumento de planeamento.

Isto supón a clasificación “provisionalmente” dunha parte do termo municipal como solo urbano, xa que logo, neste anexo se considera a delimitación do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable do PXOU 1993 superposta á nova delimitación do solo urbano do IOP. Comprobouse que a nova delimitación do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable se axusta ao PXOU 1993 e ao IOP aprobado definitivamente.

Unha vez calculadas as franxas perimetrais para a nova delimitación segundo o artigo 21 da LPDIFG, e fusionadas, se sinalan nos planos *04B Rede Secundaria de faixas de xestión da biomasa ao abeiro do IOP*. Ademais se acompaña o anexo coa nova relación de parcelas que xurde de acordo coa nova rede de faixas.

A rede secundaria de faixas de xestión da biomasa contida no Anexo Complementario (planos 04B e relación de parcelas) substituirá de xeito temporal á reflectida nos planos 04 do PMPDIF mentres manteña a súa vixencia o Instrumento de Ordenación Provisional, de acordo cos prazos fixados no artigo 87 da LMFAO.

III.2.- DENDE O PUNTO DE VISTA DA SEGURIDADE:

O PMPDIF remitido inclúe a delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa.

Inclúese un anexo complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP); dito anexo componse dunha memoria e de dous subanexos que inclúen un xogo de planos 04B coa Rede secundaria de faixas de xestión de biomasa e unha Relación de parcelas afectadas pola rede de faixas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Desde a perspectiva que nos é propia advertimos que na elaboración do documento seguiu-se unha técnica correcta de delimitación segundo o estipulado pola LPDIF.

A delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa constitúe un contido preceptivo do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Aprobado este, as súas determinacións incorporaranse ao Plan Municipal de Emerxencias xestionado desde esta Área de Goberno e Administración Municipal (arts. 13.4, 16, 18, 20, 21 e concordantes da Lei 3/07 de Galicia; art. 31 e concordantes da Lei 5/07 de Emerxencias de Galicia).

III.3.- DENDE O PUNTO DE VISTA MEDIO AMBIENTAL:

III.3.1.- Respecto do seu contido:

O plan obxecto de informe define as redes de faixas secundarias de acordo co artigo 21 da LPDIFG e planeamento urbanístico vixente no termo municipal de Vigo, incluíndo un anexo adaptado ó Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 24 de xullo de 2019, segundo o informe da arquitecta municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo obrante no expediente.

O Plan e a rede de faixas secundarias non inclúe nin o territorio das Illas Cíes, incluídas no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas -Lei 15/2002, de 1 de xullo-, nin afecta á Illa de Toralla nin á ZEPA "ES0000499 Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia" (Orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente AAA/1260/2014, de 9 de xullo, declara determinadas Zonas de Especial Protección para las Aves en aguas mariñas españolas (BOE, xoves 17 de xullo de 2017) en aplicación da Lei 42/2007, de 13 de decembro; que se estende pola costa viguesa, cara o sur, dende esta illa. Tamén se excluíron as zonas de dominio público hidráulico.

En todo caso, as obrigas que conforme á LPDIFG teñan que cumprir os responsables dos terreos incluídos nas redes secundarias de faixa de xestión da biomasa delimitadas no



Concello de Vigo

presente plan, deberá realizarse cumprimento coas normas sectoriais que puideran resultar de aplicación e, no seu caso, obtendo as correspondes autorizacións ou efectuando as comunicacións/declaracións responsables que esixan as referidas normas sectoriais.

Polo demais, o LPDIFG fai unha análise do medio natural nos aspectos de: orografía, climatoloxía, precipitacións, balance hídrico, ventos, xeoloxía, edafoloxía, litoloxía, tectónica, hidroloxía, vexetación, fauna e usos do solo.

De seguido, procede ó análise da situación actual: monte, estrutura da propiedade, ecosistema forestal, combustible, risco de incendio, puntos potencialmente perigosos, clasificación índice de gravidade de incendios, densidade infraestruturas, redes de faixas de xestión da biomasa.

Por último, fai unha análise das infraestruturas de defensa (viais, puntos de auga, control da biomasa), dos medios para a prevención e defensa contra os incendios forestais, procedementos operativos, recolle diversa normativa de aplicación, formula propostas de mellora no eido da educación e sensibilización medio ambiental e de vixilancia da xestión da biomasa e remata cunha estimación económica que deriva, fundamentalmente, das obrigas que a LPDIFG establece ós municipios: comprobacións e, no seu caso, execucións subsidiarias polo incumprimento dos responsables da xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión.

Asimesmo, reflicte graficamente en planos as análises realizadas.

A análise técnica que o documento fai dos aspectos indicados considerase axeitado.

III.3.2.- Respecto do procedemento de aprobación e a incidencia da normativa medio ambiental.

No que atinxe á aprobación do plan e a incidencia neste da normativa ambiental cómpre sinalar o seguinte:

A única previsión legal ao respecto do PMPDIF é que a súa aprobación debe ir precedida de informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal.

Examinadas as diversas normas de protección ambiental, Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, o PMPDIF en redacción non están suxeitos nin a avaliación ambiental estratéxica, nin a avaliación de impacto ambiental, nin a autorización ambiental integrada.

O referido documento ten por obxecto a protección do medio e, en especial, a protección civil fronte os incendios e as referidas normas eximen de autorización ambiental aqueles plans, programas, proxecto cuxo único obxectivo sexa a protección civil en casos de emerxencia.

Examinada, tamén, a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente e, en concreto, os establecido nos artigos 16, 17 e 18 da referida norma tampouco se

observa que o referido plan deba someterse as consultas públicas que sinala a esta lei para a súa elaboración, tendo en consideración que os documentos non inclúen ningunha disposición de carácter xeral -ordenanza- que obrigaría a observar ditos trámites.

Non obstante, o “Documento de Delimitación de Redes Secundarias de Faixas de Xestión da Biomasa do Concello de Vigo” foi sometido o trámite de información pública durante 20 días hábiles, co obxecto de que os responsables puideran identificar as parcelas suxeitas ás obrigas da LPFIG e a fin de que as persoas que o desexen puideran formular alegacións, observacións e suxestións e, tralo análise destas, incorporouse a referida delimitación o Plan.

IV.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

IV.1.- Competencia municipal.-

Entre a competencias que o art. 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG) atribúe ás entidades locais, está a elaboración e aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF), consonte ó previsto nas lexislacións galegas de prevención e extinción de incendios e de montes e cuxa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (art. 16.4 LPDIFG).

O art. 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece como servizo mínimo de prestación obrigatoria nos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes a prevención de incendios.

IV.2. O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Este planeamento configúrase como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais e que, no nivel municipal, integrará nos plans de emerxencia municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais do municipio (art. 13 LPDIFG).

De conformidade co art. 16 da LPDIFG, a estrutura do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais debe ser a establecida mediante orde da consellería competente en materia forestal -a día de hoxe non foi ditada a referida orde- e seguindo as directrices fixadas na normativa en materia de emerxencias. Incluirá, ao menos, as pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal, a definición das redes de faixas secundarias, así como, a análise da propiedade destas redes de faixas.

Este planeamento pode incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto da lei en solo urbano, núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

O documento do PMPDIF segue a estrutura establecida na lexislación de aplicación, contén as determinacións mínimas que lle son esixibles e a técnica para a súa determinación considérase correcta segundos os informes emitidos polos servizos técnicos municipais.



Concello de Vigo

IV.3.- Redes secundarias de faixas de xestión da biomasa que se inclúe no documento do PMPDIF.

Revisten especial importancia as redes de faixas de xestión da biomasa, que a Lei define como *“o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente situadas, onde se garante o control e eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas idóneas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendios”* (art. 2.15 LPDIFG), polo tanto, instrumento fundamental en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

A xestión da biomasa que existe nos terreos forestais e zonas de influencia forestal realízase a través destas faixas, que o art. 20 da referida Lei divide en primarias, secundarias e terciarias. Correspóndelle ás entidades locais a xestión das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (art. 7.e da LPDIFG), ás que a Lei lle atribúe como función prioritaria a *“protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais”*, así como, as faixas laterais de redes viarias da súa titularidade.

As referidas redes de faixas secundarias, cuxa xestión é de competencia municipal, deben quedar definidas no planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (art. 16.2 LPDIFG).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 09/05/2019, aprobou inicialmente o “Documento de delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa do Concello de Vigo” o ter substantividade propia.

O dito documento someteuse a información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante a inserción de anuncio no BOPPO do 06/06/2019, e estivo a disposición do pública, na web do Concello de Vigo, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e nas dependencias da Casa do Consistorial. Tamén, se efectuaron diversas comunicacións de difusión deste trámite a través da prensa local, asociacións e comunicades de montes veciñais en man común.

Durante o trámite de información pública presentáronse tres alegacións: Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (Doc. 190086575), Comunidade de Montes Teis (Doc. 190092356), C.M.V. San Xurxo de Saiáns (Doc. 190094401).

As referencias alegacións, tralo seu estudo, foron informadas desfavorablemente polo equipo redactar polos seguintes motivos:

1.- Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (DOC. 190086575):

Resumo da Alegación: Solicita a inclusión de parcelas catastrais: 5793906NG1659S, 5793905NG1659S, 5793908NG1659S, 5793909NG1659S, 5793910NG1659S, 5793911NG1659S, 5793912NG1659S, 5793913NG1659S, 5793914NG1659S, 5793916NG1659S, 5793917NG1659S, 5793918NG1659S para proporcionar maior protección contra incendios.

Estudo da alegación: As parcelas que o alegante solicita que se inclúan na rede secundaria de faixas de xestión de biomasa, sitúanse xunto á Avda. de Ricardo Mella, en solo clasificado PXOU 93, vixente como solo urbano.

Toda a rede de faixa de xestión da biomasa, debe situarse sobre solo rústico. As parcelas sobre solo urbano, non é de aplicación a lei 3/2007, de 9 de abril de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia.

Solución adoptada: Non acceder ao solicitado, por situarse as parcelas que reclama, se inclúan na rede de faixas de xestión de biomasa, sobre solo urbano (segundo PXOU 93, vixente), e non ser esta clase de solo, competencia da lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

2.- Comunidade de Montes Teis (Doc. 190092356):

Resumo da alegación: o alegante expón, que hai meses, que teñen coñecemento de unha proposta de faixas no monte da Parroquia de Teis a través da Man Comunidade de Montes de Vigo, co cal estaban de acordo, que é o plano que axunta na alegación.

Expón que no novo documento se establece “corredor de acceso”, xunto ao depósito de auga, entre a Comunidade de Teis e Candeán, e argumenta que esta faixa non está a protexer ningún tipo de vía, que rompe o criterio establecido para localizar as faixas de xestión no monte de Teis.

Estudo da alegación: o criterio que se segue para o deseño da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa e o que establece a lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 21.

A faixa á que o alegante fai referencia xérase debido ao solo urbano existentes no PXOU 93, vixente, que delimita nas proximidades e que engloba os campos de fútbol de A Madroa e máis.

A partir de esta clasificación do solo, segundo planeamento, se xera unha faixa de 50 m dende o seu perímetro (segundo o apartado “a” do artigo 21 da lei 3/2007).

Polas argumentacións que plantexa, o alegante está a confundir a rede secundaria de faixas de xestión da biomasa, coa banda de ocupación do Anel Verde de Vigo, pertencente ao Anteproxecto de Ordenación forestal do Municipio de Vigo, que con anterioridade a delimitación de estas faixas, se proxectou, como rede de defensa e de acción ante o lume.

Solución adoptada: non acceder ao solicitado, por ser a delimitación da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa, acorde á lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e necesaria xunto ao perímetro de solo urbano.

3.- C.M.V. San Xurxo de Saiáns (Doc. 190094401):

Resumo da alegación: A Comunidade de Montes de Saiáns, solicita retirar as parcelas catastrais: 54057A22300141, 142, 143, 148, 176, 177 e 289, por estar situadas a máis de 50 m do solo urbano e de vivendas habitadas, e porque o único que existe en ese ámbito son uns antigos muíños da nosa propiedade.



Concello de Vigo

Estudo da alegación: As parcelas de faixa ás que se refire o alegante é a rede secundaria de Faixas de xestión, que rodea a construcións existentes e que segundo catastro, ten un uso industrial.

Aínda sendo muíños, puramente como uso lúdico, ou de museo etnográfico, o apartado “b” do artigo 21 da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, expón: “O redor das edificacións destinadas a persoas, vivendas illadas, urbanización, vertedoiros, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 m do monte”

Os muíños son “edificacións destinadas a persoas”. A Lei non distingue si son moi usados ou pouco, ou máis ou menos concorridos.

Os muíños son instalacións, onde se realiza unha actividade coa presenza de persoas, e se dispoñen no monte, polo que deben ser protexidos, estando isto no obxecto desta lei, onde di: “a presente lei ten por obxecto defender os montes ou terreos forestais fronte aos incendios e protexer ás persoas e os bens afectados polos mesmos,…”

Solución adoptada: non acceder ao solicitado, por que a actual rede de faixas secundarias existentes, proporciona protección as construcións ao tratarse de edificacións existente no monte, de uso de muíño e destinadas ás persoas.

Os técnicos municipais que subscriben este informe, consideran axustado a dereito o informado polo equipo redactor por canto a inclusión dun terreo ou non nas faixas secundarias de xestión da biomasa determinase en aplicación do establecido no artigo 21 da LPDIFG.

As redes secundarias definitivas de faixas de xestión da biomasa, resultado do trámite de información pública e da depuración de pequenos erros do documento inicial, incorpóranse no documento do PMPDIF.

Por outra banda, ó Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 24 de xullo de 2019, publicado no BOPPO do 20/09/2019 e pendente unicamente da súa entrada en vigor, modifica provisionalmente a clasificación de determinados terreos de solo urbano o que motivou a necesidade de incluír no PMPDIF un “Anexo Complementario ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Vigo ao abeiro do Instrumento de Ordenación Provisional”, que axusta as redes secundarias de faixas de xestión a esta IOP. Este anexo será de aplicación e manterá a súa vixencia mentres a manteña o IOP. As redes secundarias de xestión da biomasa incorporadas no anexo non supoñen modificación substancial respecto das sometidas a información pública, trátase de axustes na delimitación do solo urbano.

IV.4.- Consideracións económicas no PMPDIF.

O PMPDIF recolle a seguinte estimación de custes:

- Custes de educación e sensibilización ambiental: 5.000 €/ano
- Vixilancia da xestión da biomasa: 50.000 €/ano

- Actuacións por execución subsidiarias: 250.000 €/ano
TOTAL 305.000 €/ano

Os gastos son meramente estimativos en función das labores de vixilancia e actuacións por execución subsidiarias que deban acometerse en cada momento, sen prexuízo da repercusión dos custes aos responsables das parcelas e as posibles subvencións que se poidan obter doutras administracións públicas.

Ditas actuacións financiaranse con cargo ás partidas orzamentarias que se habiten ó efecto no correspondente exercicio orzamentario.

IV.5.- Procedemento aprobación do documento do PMPDIFG.

Polo que respecta ó procedemento de elaboración e aprobación do Plan, a única previsión legal ao respecto é que a súa aprobación debe ir precedida de informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal. Polo que, sen prexuízo desta especialidade, este procedemento tramitarase con suxeición á Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), así como, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Examinadas as diversas normas de protección ambiental, Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, Real decreto lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, o documento do PMPDIF no están suxeito nin a avaliación ambiental estratéxica, nin a avaliación de impacto ambiental, nin a autorización ambiental integrada.

O referido documento ten por obxecto a protección do medio e, en especial, a protección civil fronte os incendios e as referidas normas eximen de autorización ambiental aqueles plans, programas, proxecto cuxo único obxectivo sexa a protección civil en casos de emerxencia.

Examinada, tamén, a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente e, en concreto, os establecido nos artigos 16, 17 e 18 da referida norma tampouco se observa que os referidos documentos teñan que someterse as consultas públicas que sinala a esta lei para a súa elaboración, tendo en consideración que os documentos non inclúen ningunha disposición de carácter xeral -ordenanza- que obrigaría a observar ditos trámites.

A normativa de aproveitamento e usos que se inclúe no plan é reprodución da establecida na lexislación de aplicación, en especial, na LPDIFG polo que o seu carácter normativa deriva da aplicación directa da Lei e non do plan.

IV.6. Órganos competentes.-

O art. 16.4 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG), atribúelle ós alcaldes a coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. A elaboración, execución e actualización teñen carácter de obrigatorias, competencia do



Concello de Vigo

alcalde en virtude o art. 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

De conformidade coa resolución de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “a aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal (...)”.

Mediante acordo da XGL de data 05 de xullo de 2019 atribuíuse ó concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais a dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 13 de agosto de 2019 (BOPPO 2/09/2019), o concelleiro delegado desta área ostenta as competencias de elaboración, coordinación e xestión deste planeamento.

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Informar desfavorablemente as alegacións presentadas por Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de San Xurxo de Saiáns (Doc. 190086575), Comunidade de Montes Teis (Doc. 190092356), C.M.V. San Xurxo de Saiáns (Doc. 190094401), en relación coa delimitación das redes secundarias de xestión de biomasa do Concello de Vigo sometida a información pública, de conformidade cos fundamentos de feito e dereito recollidos na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO: APROBAR PROVISIONALMENTE o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Vigo -PMPDIF-”, asinado electronicamente polos técnicos competentes da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. en datas 13 e 15 de setembro de 2019, por encargo da Concellería delegada da Área de Parques e Xardíns, que incorpora a delimitación definitiva das redes secundarias de xestión da biomasa.

SEGUNDO: Remitir á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia o documento do PMPDIF do Concello de Vigo aprobado provisionalmente e solicitarlle o informe preceptivo e vinculante que determina o artigo 16.3. da LPDIFG , con carácter previo a súa aprobación definitiva.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(829).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN “ANHIDA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2019. EXPTE. 8728/320.

Visto o informe de fiscalización do 16/09/19, dáse conta do informe-proposta do 31/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019), o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 05/03/2019, D. Ricardo García Díaz, en calidade de presidente da *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* (CIF: G-36938272), achegou escrito có número 190032744, solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2019, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/11/18 e o 30/09/2019.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Ricardo García Díaz, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* ", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 27/02/19
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/02/19
 - Certificado da Seguridade Social, de data 04/03/19
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 28/02/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).



Concello de Vigo

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (novembro 2018 - setembro 2019)	
Aluguer local social	15.300,00 €
Electricidade	1.250,00 €
Auga	250,00 €
TOTAL	16.800,00 €

INGRESOS (novembro 2018 – setembro 2019)	
Participación Cidadá	4.000,00 €
Anhida	12.800,00 €
TOTAL	16.800,00 €

8. Contrato de aluguer

9. Poliza de seguro do local e de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 889/04, segundo resolución de data 08/10/04.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800002 “*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*”, cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.

VI. En data 21/06/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 28/02/2019 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, por atribución temporal de funcións mediante acordo de XGL do 03/05/2019, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN “ANHIDA” (G36938272), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA””.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”, entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudo da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.



Concello de Vigo

- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Don Ricardo García Díaz, con DNI 36073842K, en calidade de Presidente da "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"" (CIF: G36938272), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8694/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800002 "*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.



Concello de Vigo

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso,

estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **15 de outubro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.



Concello de Vigo

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a

resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.000,00 € (catro mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800002 denominada "*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" (CIF.-G36938272), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.000,00 € (catro mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA", PARA O FOMENTO DAS



Concello de Vigo

ACTIVIDADES DA ENTIDADE, REALIZADAS ENTRE NOVEMBRO 2018 E SETEMBRO DE 2019, MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 36073842-K, en calidade de Presidente da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Antón Beiras, 8, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8728/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a

información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2019, segundo memoria achegada, en particular, as realizadas entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.-Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", nominativa con una partida orzamentaria de 4.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" para o 2019, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Terapia psicolóxica mixta (individual e/ou grupal)
- Terapia psicopedagóxica
- Clases de apoio
- Cursos psicoeducativos e coaching individual para adultos



Concello de Vigo

- *Terapias para pais*
- *Charlas en colexios*
- *Formación a estudantes en prácticas*

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade realizadas entre o 1 de novembro de 2018 e 30 de setembro de 2019, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (novembro 2018 - setembro 2019)	
<i>Aluguer local social</i>	15.300,00 €
<i>Electricidade</i>	1.250,00 €
<i>Auga</i>	250,00 €
TOTAL	16.800,00 €

IX.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" non incorra en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. *Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*

2. *Darllas ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*

3. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
4. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
5. *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
6. *Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.*
7. *Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
8. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
9. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1. *Conceder directamente á entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" ", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades entre o 01/11/18 e o 30/09/19, en definitiva, para o seu fomento.*
2. *Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".*
3. *Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*
2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*
3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*



Concello de Vigo

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **15 de outubro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que as solicitudes para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas dixitalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das



Concello de Vigo

actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas

físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constituán rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.



Concello de Vigo

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES97 0049 5393 1527 16026134 (SANTANDER).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/2018 e o 30/09/2019.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos

Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpg.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

Décimo noveno.- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

Vixésimo.- *O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2019.

15(830).- ABOAMENTO DOS GASTOS DE MANUTENCIÓN A PROL DOS FUNCIONARIOS NOMEADOS EN PRÁCTICAS DE POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2010/2011 E 2015/2016. EXPTE. 65009/212.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 18/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/19, asinado polo intendente da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- De conformidade coa oferta de emprego público do Concello de Vigo dos anos 2010/2011, publicadas no BOP de Pontevedra de datas 04/02/2011 e 16/02/2012, respectivamente, e no DOGA de 18/02/2011 e 28/02/2012, e as bases da convocatoria previamente aprobadas pola Xunta de Goberno Local e modificadas na sesión extraordinaria e urxente de 14/10/2016 (BOPPO 04/11/16) levouse a cabo a selección dos opositores da quenda libre para as prazas de funcionario de carreira con posto de Policía Local e a posterior proposta de nomeamento de 15 funcionarios en prácticas con cargo ás prazas vacantes.

SEGUNDO.- Na sesión ordinaria do 17 de abril de 2019, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de nomeamento de Policías Locais en prácticas e de carreira, dos funcionarios que constan como anexo I, pertencentes á oferta pública 2010/2011 (expte.- 33890/220).

TERCEIRO.- De conformidade coa oferta de emprego público do Concello de Vigo dos anos 2015/2016, publicadas no BOP de Pontevedra de datas 26/01/2016 e 27/04/2016, respectivamente, e no DOGA de 10/02/2016 e 06/05/2016, e as bases da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 21/03/2018 (BOPPO 26/03/18) levouse a cabo a selección dos opositores da quenda libre para as prazas de funcionario de carreira con posto de Policía Local e a posterior proposta de nomeamento de 10 funcionarios en prácticas con cargo ás prazas vacantes.

CUARTO.- Na sesión ordinaria do 17 de abril de 2019, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de nomeamento de Policías Locais en prácticas e de carreira, dos funcionarios que figuran como anexo II se relacionan, pertencentes á oferta pública 2015/2016 (expte.- 33866/220).

QUINTO.- No Diario Oficial de Galicia, número 48, de 8 de marzo de 2019, publícase a Resolución de 25/02/19 pola que se convoca un curso selectivo para o acceso á escala básica, categoría de policía dos corpos de policía local de Galicia.

Según dita publicación, o curso selectivo desenvolverase entre o 22 de abril e o 30 de decembro de 2019, na forma que a continuación se indica:

- Nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública, sita na localidade de A Estrada (Pontevedra), en dous periodos: 1º. Do 22 de abril ao 12 de xullo de 2019; e 2º. Do 2 de setembro ao 15 de novembro de 2019.

- Nos concellos de procedencia dos alumnos, realizando o periodo en prácticas: 1º. Do 13 de xullo ao 1 de setembro de 2019; e 2º. Do 15 de novembro ao 30 de decembro de 2019.

As clases desenvolveranse de luns a venres, en horario de mañán e tarde (09:00 ata 20:00 horas).

Tendo en conta os dous periodos anteditos, o número total de días de estadía dos alumnos en formación é de 110 xornadas por alumno.

SEXTO.- non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

Tampouco se recoñece o dereito á percepción dos gastos por uso de vehículo particular, motivado á contratación do transporte a tales efectos polo Concello de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policía Locais de Galicia, establece que o ingreso na categoría de policía require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso de formación na AGSP e a superación dun periodo de prácticas.

SEGUNDO.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o coste de 28,21 euros día/persoa (14,11 € en concepto de media dieta de manutención).

Dado que cada un dos **25 funcionarios** en prácticas estará na AGSP **110 días**, o **custo total** ascende a **69.470,00 euros** (2.778,80 € / funcionario), desglosados da seguinte maneira:

- 87 días en concepto de dieta enteira de manutención, correspondentes ás seguintes datas (87 días x 28,21 € dieta enteira x 25 funcionarios = 61.356,75 €) :

Mes de Abril (22, 23, 24, 25 e 29).

Mes de Maio (2, 6, 7, 8, 9, 13, 14, 15, 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30).

Mes de Xuño (3, 4, 5, 6, 10, 11, 12, 13, 17, 18, 19, 20, 24 e 25).

Mes de Xullo (1, 2, 3, 4, 8, 9, 10 e 11).

Mes de Setembro (2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 16, 17, 18, 19, 23, 24, 25, 26 e 30).

Mes de Outubro (1, 2, 3, 7, 8, 9, 10, 14, 15, 16, 17, 21, 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31).

Mes de Novembro (4, 5, 6, 7, 11, 12, 13 e 14).

- 23 días en concepto de media dieta de manutención correspondentes ás seguintes datas (23 días x 14,11 € media dieta x 25 funcionarios = 8.113,25 €):

Mes de Abril (26 e 30).

Mes de Maio (3, 10, 16, 24 e 31).

Mes de Xuño (7, 14, 21 e 28).

Mes de Xullo (5 e 12).

Mes de Setembro (6, 13, 20 e 27).

Mes de Outubro (4, 11, 18 e 25).

Mes de Novembro (8 e 15).

Nas datas anteriores discrimínanse os días non lectivos (fins de semana, festivos nacionais, autonómicos e locais do concello de A Estrada).



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Na aplicación orzamentaria 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade) existe crédito adecuado e suficiente.

CUARTO.- De conformidade co art. 127 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, a aprobación do gasto proposto é competencia da Xunta de Goberno Local.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, previa fiscalización da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe ven en propoñer ao Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1º Autorizar o gasto de 69.470,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2302001 (AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE), e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de dieta enteira ou media dieta de manutención, según corresponda, a prol dos funcionarios nomeados en prácticas de policía local que figuran nos anexos I e II, según Acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 17 de abril de 2019, correspondente ás ofertas de emprego público 2010/2011 (expte.- 33890/220) e 2015/2016 (expte.- 33866/220), polos 110 días de duración do preceptivo curso de formación a desenvolverse nas instalacións da Academia Galega de Seguridade.

2º O abono farase con carácter mensual previa xustificación pola AGSP da asistencia diaria ás clases.

ANEXO I - FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS – OEP 2010/2011

APELIDOS	NOME	DNI	Nº PER-SOAL
ALONSO QUIÑONES	PABLO	***5955**	84286
PÉREZ ÁLVAREZ	ALEJANDRO	***5377**	84300
ALONSO SIMÓN	LUIS	***6128**	84287
GARCÍA MIGUÉLEZ	JORGE	***2935**	84292
AREAL LAGO	DAMIÁN	***7474**	84288
LÓPEZ RODRÍGUEZ	ERO	***1805**	84296
CABALEIRO GUERREIRO	MANUEL LUIS	***9050**	84293
CAMPOS FERNÁNDEZ	ALEXANDRA	***9051**	84291
MACIAS BARROS	JUAN PEDRO	***6437**	84297
PENA PEREIRA	DÁMASO LEONARDO	***6069**	84299
AVENDAÑO PAZOS	JOSÉ	***3355**	84289
HERRERA SOUSA	BORJA	***6049**	84295
GONZÁLEZ SELLÁN	ALEJANDRO	***7350**	84294
MENÉNDEZ MARQUÉS	ALEJANDRO	***1806**	84298
BASTOS SALORIO	TAMARA	***9421**	84290

ANEXO II - FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS – OEP 2015/2016

APELIDOS	NOME	DNI	NÚM. PER-SOAL
CONDE CASTRO	DANIEL	***5487**	80427
MÍGUEZ PÉREZ	PABLO	***7801**	84306
PÉREZ GIRÁLDEZ	BRAIS	***0547**	84307
GONZÁLEZ FORTES	JUAN CARLOS	***6214**	84302
ANTUNES VARELA	MARÍA JESÚS	***7429**	84301
GONZÁLEZ VÁZQUEZ	BORJA	***5523**	84303
MEJUTO ARES	CARLOS	***3021**	84305
LÓPEZ RODRÍGUEZ	PABLO	***5586**	84304
PÉREZ PÉREZ	BRAIS	***9502**	83998
VÁZQUEZ CARBÓN	ÁNGEL	***4199**	84308

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(831).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN DE RECOÑECEMENTO DE DEREITO, PRESENTADO POLOS EMPREGADOS CON NP 83192, 83187, 83189 E 83179, MESTRES DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO, CON NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 34669/220.

Dáse conta do informe-proposta do 17/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE HECHO

I.- D^a Sandra María de Jesús Fernández, con DNI nº ***7121* *, foi nomeada funcionaria interina por plans e programas docencia transitoria de Ourivería, con data de inicio 05/10/2015 por un período de tres anos. (Expte: 1974/13);

D^a Alba Carme Pardo Cartelle, con DNI nº ***7332* *, foi nomeada funcionaria interina por plans e programas docencia transitoria de Serigrafía Artística, con data de inicio 14/09/2015 por un período de tres anos. (Expte: 1975/13);

D^a Enma González Pintos, con DNI nº ***7153* *, foi nomeada funcionaria interina por plans e programas docencia transitoria de Moda e Confección, con data de inicio 05/10/2015, por un período de tres anos. (Expte: 1973/13)



Concello de Vigo

D. Federico Fernández Alonso, con DNI nº ***1816* *, foi nomeado funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Debuxo artístico, con data de inicio 14/09/2015, por un periodo de tres anos. (Expte: 1976/13).

II.- A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios (en adiante EMAO), na sesión do día 18/05/2015, aprobou o programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015). Expte 479-613.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 09/08/2018, aprobou a autorización da prórroga por un período máximo de 12 meses do programa inicial aprobado pola Xunta Reitora da EMAO, na sesión do día 18/05/2015, para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015). expte 479-613.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 13/09/2018, acordou entre outros puntos:

. “Declarar a urxencia na prórroga do nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal – catro mestres de formación (subgrupo C1) - , ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 13/09/2019, data na que remata a prórroga do programa, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, que constan no expediente 479/613 “Proposta de prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora da EMAO para implementar o novo plan de estudos da EMAO (PEEMAO 2015)””; aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión sesión ordinaria do 09/08/2018...

. Prorrogar o nomeamento dos funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal “programa inicial aprobado pola Xunta reitora da EMAO para implementar o novo plan de estudos da EMAO (PEEMAO 2015)”, como Mestres de formación, aos seguintes funcionarios interinos:

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Debuxo artístico, Fernández Alonso F. -Funcionario interino por plans e programas inicio 14/09/2015 (tres anos)- Expte: 1976/13.

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Moda e Confección, González Pintos E. -Funcionaria interina por plans e programas inicio 05/10/2015 (tres anos)- Expte: 1973/13.

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Serigrafía Artística-Pardo Cartelle A. -Funcionaria interina por plans e programas inicio 14/09/2015 (tres anos). Expte: 1975/13.

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Ourivería, De Jesús Fernández S.M. -Funcionaria interina por plans e programas inicio 05/10/2015 /(tres anos). Expte: 1974/13...”

IV.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2015, adoptou, o acordo de modificación, con efectos de data 1/01/2016, da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de, entre outros, educación (EMAO). En derivación do anterior, e con efectos da mesma data, extinguiuse o organismo autónomo da EMAO, integrándose o citado organismo autónomo na estrutura municipal.

V.- D^a Sandra María de Jesús Fernandez, D^a Alba Carme Pardo Cartelle, D^a Enma González Pintos, D. Federico Fernández Alonso, figuran dende o 01/01/2016 en situación de alta no Concello de Vigo.

Con anterioridade prestaron servizos baixo diferentes modalidades (contrato laboral/nomeamento interino), e polos períodos que constan na documentación obrante no expediente, na EMAO.

VI.- En data 09/07/2019, D^a Sandra María de Jesús Fernandez, D^a Alba Carme Pardo Cartelle, D^a Enma González Pintos, D. Federico Fernández Alonso, presentan escrito solicitando que “se reconozca el derecho a los reclamantes a la permanencia en la situación de interinidad más allá del 13/09/2019 (fecha prevista del cese por vencimiento de la prórroga del actual nombramiento), y en todo caso la subsistencia y continuación de la relación de empleo hasta que el Concello cumpla lo dispuesto en el art. 10.1 del TREBEP, que en este sentido debe conducir a la verificación de una necesidad permanente y estable para la prestación de formación docente en las materias impartidas por los reclamantes, con la consiguiente creación de la plaza, y, en definitiva, la conversión del vínculo que une a los reclamantes como funcionarios interinos por vacante, manteniéndose aquellos en sus empleos hasta cobertura reglamentaria”.

VII.- A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 01/08/2019, desestima, en base ao informe proposta que antecede, as solicitudes referidas (expte 34410-220).

VIII.- Na data 26/08/2019, os funcionarios interinos D^a Sandra María de Jesús Fernandez, D^a Alba Carme Pardo Cartelle, D^a Enma González Pintos, D. Federico Fernández Alonso, , interpón recurso de reposición contra o citado acordo.

II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

1.- Constitución española

2.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

3.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico do Empregado Público.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.



Concello de Vigo

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polos recorrentes, en tanto que o 02/08/2019, foi notificado o acordo agora impugnado, presentando o recurso o día 26/08/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

Os recorrentes interpón recurso alegando en síntese os mesmos argumentos da solicitude, tal e como manifestan no seu escrito “... *Esta parte se reitera en esencia, a los argumentos ya expresados en la reclamación administrativa para sostener la existencia del derecho a permanecer en los puestos de trabajo que han venido desempeñando en los últimos años en virtud de sucesivos nombramientos como funcionarios interinos...*”

As alegacións dos recorrentes, en tanto que son substancialmente idénticas, non desvirtúan o establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local agora recorrido, e cuxos fundamentos xurídicos polo que aquí interesa, reproducimos a continuación:

“En primeiro lugar é preciso facer algunhas consideracións previas: O EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal

(art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.

Así o artigo 8 do TREBEP, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual.

Con respecto os funcionarios interinos o artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas que son funcionarios interinos “los que, por razóns expresamente justificadas de necesidade e urxencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.
- b) La sustitución transitoria de los titulares.
- c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.
- d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses.

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...

El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”

É preciso ter en conta que os funcionarios interinos pola súa propia natureza carecen de vinculación permanente. Dos artigos 9 e 10 do TRLEBEP, tal como expresa a xurisprudencia (entre outras a STSX de Valencia de 17 de xuño de 2015, sala do contencioso administrativo), se desprende que “mientras los funcionarios de carrera están vinculados a la Administración Pública a través de una relación estatutaria sujeta al Derecho Administrativo, para la prestación de servicios retribuidos de carácter permanente, siendo tal carácter permanente una de las notas definitorias de su régimen jurídico, los funcionarios interinos se caracterizan precisamente por lo contrario, es decir, por estar vinculados a la Administración Pública para el desempeño de servicios profesionales retribuidos en los supuestos tasados



Concello de Vigo

previstos en la ley, cuya nota común es la temporalidad, y sólo cuando existan razones fundadas de necesidad y urgencia. Y así la dicción literal de los supuestos tasados en la ley en los que cabe el nombramiento de los funcionarios interinos hace referencia expresamente al carácter temporal de la ocupación de las plazas destinadas a los funcionarios de carrera, al utilizar expresiones como "sustitución transitoria", "plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce", "programas de carácter temporal", y existencia de vacantes mientras no puedan ser ocupadas por funcionarios de carrera."

Da normativa existente en materia de interinidade, podemos destacar dúas notas fundamentais:

. Os nomeamentos como funcionarios interinos unicamente estarían xustificados en casos excepcionais de necesidade e urxencia, no que resulta inaprazable a cobertura dun posto.

. Os mesmos so poderían realizarse por tempo determinado.

Ademais as causas de cese están tamén expresamente reguladas, debendo producirse cando finaliza a causa que motivou o nomeamento e, en seu caso cando se produza algún dos supostos que motiva a extinción do vínculo que une os funcionarios de carreira coa Administración.

A interinidade e así un sistema excepcional de provisión de postos de traballo que lévase a cabo de forma non permanente e para supostos e coas limitacións expresamente previstas, sendo a interinidade unha situación provisional pola súa propia natureza.

Noutro orde de cosas a crise económica, afectou de modo considerable ó establecer prohibicións e limitacións de incorporación de novo persoal á función pública. As leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos ao dez por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resoven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Para o ano 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento. A lei de Orzamentos xerais do Estado para o 2017 estableceu unha taxa de reposición de efectivos do 100% para os colectivos prioritarios, así como procesos extraordinarios para a redución do emprego temporal. A partir de aquí a xurisprudencia considerou que a obriga establecida no art. 10.4 do TREBEP de incluír na OPE as prazas vacantes ocupadas por interinos se vería temporalmente desprazada polas limitacións que anualmente podan establecer as correspondentes leis de presupostos xerais do Estado e a taxa de reposición do emprego público para o período de vixencia que podan establecer. Na mesma liña continua a lei de Orzamentos de 2018, prorrogada para o ano 2019.

III.- Os interesados solicitan o recoñecemento do dereito á permanencia na situación de interinidade máis aló do 13/09/2019 (data da finalización da prórroga do programa), ata que o Concello cree as prazas, mantendo nelas aos solicitantes como funcionarios interinos por

vacante ata a cobertura reglamentaria das mesmas. Argumentan que o programa de natureza temporal de duración de tres anos, e que foi prorrogado un ano máis, é continuación dunha prestación permanente, como é a impartición de docencia de materias na EMAO.

Concretando aos efectos que nos interesan, os feitos expostos nos antecedentes de este Informe; temos que a Xunta Reitora da EMAO, na sesión do día 18/05/2015, aprobou un programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015)-Expte 479-613. O citado programa comenzo a desenvolverse o 14/09/2015, data na que se nomearon os primeiros funcionarios interinos para a execución do mesmo. Ditos funcionarios foron dados de alta no Concello de Vigo o 01/01/2016, data na que a EMAO integrouse na estrutura organizativa do concello.

Posteriormente, na sesión ordinaria de 09/08/2018 da Xunta de Goberno Local, o programa inicial aprobado para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015) foi prorrogado por un período máximo de 12 meses; e consecuencia de elo, na sesión extraordinaria e urxente de data 13/09/2018, acordouse a prórroga dos nomeamentos dos catro funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal – catro mestres de formación (subgrupo C1) - , constando clara e expresamente, que os citados nomeamentos finalizarían en todo caso o 13/09/2019, data na que remata a prórroga do programa.

Polo tanto, o nomeamento dos catro funcionarios interinos que presentan a solicitude; está claramente vinculado a un programa temporal, debidamente aprobado polo órgano competente, que en ningún momento foi impugnado. Como tampouco foi impugnada a prórroga posterior por 12 meses máis (dentro dos límites do artigo 10.1 c)), do programa. Na prórroga dos nomeamentos interinos, constaba a data de finalización dos mesmos de conformidade coa duración do programa. En ningún momento acreditouse por parte dos solicitantes que o programa en virtude do cal están prestando os seus servizos sexa continuación dunha relación ou de outro programa preexistente.

En atención ao exposto, cabe concluír que os nomeamentos foron feitos en todo caso respectando escrupulosamente o principio de legalidade, e dentro dos límites establecidos no TREBEP e normativa vixente, anteriormente expostos e comentados. Non é posible prorrogar uns nomeamentos interinos que por propia definición e natureza, son provisionais, e que deben cesar cando finalice a causa que os motivou (neste caso, fin do programa inicial máis a prórroga). Polo tanto, debe desestimarse a solicitude presentada, o contrario, suporía a vulneración da normativa vixente relativa aos funcionarios interinos e por ende os principios constitucionais de acceso ao emprego público, de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.”

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:



Concello de Vigo

Primeiro.- Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto por D^a Sandra María de Jesús Fernández, con DNI nº ***7121* *; D^a Alba Carme Pardo Cartelle, con DNI nº ***7332* *; D^a Enma González Pintos, con DNI nº ***7153* *; D. Federico Fernández Alonso, con DNI nº ***1816* *

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos recorrentes.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(832).- PROPOSTA DE INADMISIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE AOS ACORDOS DE CESE PRESENTADO POLOS EMPREGADOS CON NP 83192, 83187, 83189 E 83179, MESTRES DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO, CON NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 34670/220.

Dáse conta do informe-proposta do 17/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- D^a Sandra María de Jesús Fernández, con DNI nº ***7121* *, foi nomeada funcionaria interina por plans e programas docencia transitoria de Ourivería, con data de inicio 05/10/2015 por un período de tres anos. (Expte: 1974/13);

D^a Alba Carme Pardo Cartelle, con DNI nº ***7332* *, foi nomeada funcionaria interina por plans e programas docencia transitoria de Serigrafía Artística, con data de inicio 14/09/2015 por un período de tres anos. (Expte: 1975/13);

D^a Enma González Pintos, con DNI nº ***7153* *, foi nomeada funcionaria interina por plans e programas docencia transitoria de Moda e Confección, con data de inicio 05/10/2015, por un período de tres anos. (Expte: 1973/13)

D. Federico Fernández Alonso, con DNI nº ***1816* *, foi nomeado funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Debuxo artístico, con data de inicio 14/09/2015, por un periodo de tres anos. (Expte: 1976/13).

II.- A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios (en adiante EMAO), na sesión do día 18/05/2015, aprobou o programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015). Expte 479-613.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 09/08/2018, aprobou a autorización da prórroga por un período máximo de 12 meses do programa inicial aprobado pola Xunta Reitora da EMAO, na sesión do día 18/05/2015, para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015). expte 479-613.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 13/09/2018, acordou entre outros puntos:

. “Declarar a urxencia na prórroga do nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal – catro mestres de formación (subgrupo C1) - , ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 13/09/2019, data na que remata a prórroga do programa, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, que constan no expediente 479/613 “Proposta de prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora da EMAO para implementar o novo plan de estudos da EMAO (PEEMAO 2015)””; aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión sesión ordinaria do 09/08/2018...

. Prorrogar o nomeamento dos funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal “programa inicial aprobado pola Xunta reitora da EMAO para implementar o novo plan de estudos da EMAO (PEEMAO 2015)”, como Mestres de formación, aos seguintes funcionarios interinos:

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Debuxo artístico, Fernández Alonso F. -Funcionario interino por plans e programas inicio 14/09/2015 (tres anos)- Expte: 1976/13.

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Moda e Confección, González Pintos E. -Funcionaria interina por plans e programas inicio 05/10/2015 (tres anos)- Expte: 1973/13.

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Serigrafía Artística- Pardo Cartelle A. -Funcionaria interina por plans e programas inicio 14/09/2015 (tres anos). Expte: 1975/13.

. Funcionario interino por plans e programas docencia transitoria de Ourivería, De Jesús Fernández S.M. -Funcionaria interina por plans e programas inicio 05/10/2015 /(tres anos). Expte: 1974/13...”

IV.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2015, adoptou, o acordo de modificación, con efectos de data 1/01/2016, da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de, entre outros, educación (EMAO). En derivación do anterior, e con efectos da mesma data, extinguiuse o organismo autónomo da EMAO, integrándose o citado organismo autónomo na estrutura municipal.



Concello de Vigo

V.- D^a Sandra María de Jesús Fernandez, D^a Alba Carne Pardo Cartelle, D^a Enma González Pintos, D. Federico Fernández Alonso, figuran dende o 01/01/2016 en situación de alta no Concello de Vigo.

Con anterioridade prestaron servizos baixo diferentes modalidades (contrato laboral/nomeamento interino), e polos períodos que constan na documentación obrante no expediente, na EMAO.

VI.- En data 09/07/2019, D^a Sandra María de Jesús Fernandez, D^a Alba Carne Pardo Cartelle, D^a Enma González Pintos, D. Federico Fernández Alonso, presentan escrito solicitando que “se reconozca el derecho a los reclamantes a la permanencia en la situación de interinidad más allá del 13/09/2019 (fecha prevista del cese por vencimiento de la prórroga del actual nombramiento), y en todo caso la subsistencia y continuación de la relación de empleo hasta que el Concello cumpla lo dispuesto en el art. 10.1 del TREBEP, que en este sentido debe conducir a la verificación de una necesidad permanente y estable para la prestación de formación docente en las materias impartidas por los reclamantes, con la consiguiente creación de la plaza, y, en definitiva, la conversión del vínculo que une a los reclamantes como funcionarios interinos por vacante, manteniéndose aquellos en sus empleos hasta cobertura reglamentaria”.

VII.- A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 01/08/2019, desestima, en base ao informe proposta que antecede, as solicitudes referidas (expediente 34410-220).

VIII.- Na data 26/08/2019, os funcionarios interinos D^a Sandra María de Jesús Fernandez, D^a Alba Carne Pardo Cartelle, D^a Enma González Pintos, D. Federico Fernández Alonso, interponen recurso de reposición contra o citado acordo, tramitándose no expte nº 34669-220. No citado recurso argumentan exactamente os mesmos fundamentos da solicitude que dera lugar ao expediente 34410-220.

IX.- Con data 21/08/2019, se notifica aos funcionarios interinos D^a Sandra María de Jesús Fernandez, D^a Alba Carne Pardo Cartelle, D^a Enma González Pintos, D. Federico Fernández Alonso comunicación no seguinte senso: “*Comunícaselle que por expiración do tempo convindo, finalizará o seu nomeamento interino por execución de prórroga do programa de carácter temporal (PEEMAO 2015) ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP por obra ou servizo determinado a tempo completo do titular, con efectos de data 13/09/2019.*”

X.- En data 06/09/2019, os funcionarios interinos referidos interpoñen “Recurso administrativo frente a Resoluciones de la Jefatura de negociado de Personal del Concello de fechas 21 de agosto de 2019 por las que se les comunica, de forma individualizada, la finalización y consiguiente cese de los nombramientos interinos que ostentaban por ejecución de prórroga del programa de carácter temporal (PEEMAO 2015) con efectos de fecha 13/09/2019.” Reiteran por terceira vez os mesmos fundamentos da solicitude que dera lugar ao expediente 34410-220, e da interposición do recurso de reposición que se tramitou no expediente 34669-220.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.

III.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

IV.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Admisión do recurso.

O artigo 6.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local -LRBRL- , en concordancia co disposto nos artigos 9.1 e 103.1 CE , impón ás Entidades Locais que, en súa actuación, se suxeiten á Lei e ao Dereito, reservando aos Tribunais o control de legalidade de seus actos e acordos, aplicando así ao réxime local o disposto nos artigos 106.1 e 117.1 CE. Con carácter xeral, a actuación administrativa das Entidades Locais, en tanto que Administracións Públicas sometidas ao Dereito Administrativo, pode ser obxecto de impugnación a través dunha dobre vía: una primeira vía de carácter administrativo, e unha segunda, en sede xurisdiccional ante os Xulgados e Tribunais do Contencioso Administrativo. O artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local establece que:

“1. Contra los actos y acuerdos de las Entidades locales que pongan fin a la vía administrativa, los interesados podrán ejercer las acciones que procedan ante la jurisdicción competente, pudiendo no obstante interponer con carácter previo y potestativo recurso de reposición.

2. Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:
a) *Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2.*

b) Las de autoridades y órganos inferiores en los casos que resuelvan por delegación del Alcalde, del Presidente o de otro órgano cuyas resoluciones pongan fin a la vía administrativa.



Concello de Vigo

c) Las de cualquier otra autoridad u órgano cuando así lo establezca una disposición legal.”

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Pola súa banda o artigo 114, se ocupa de relacionar os actos que poñen fin a la vía administrativa:

- Las resoluciones de los recursos de alzada.
- Las resoluciones de los procedimientos a que se refiere el apartado 2 del artículo 112 de la ley 39/2015, de 1 de octubre.
- Las resoluciones de los órganos administrativos que carezcan de superior jerárquico, salvo que una Ley establezca lo contrario.
- Los acuerdos, pactos, convenios o contratos que tengan la consideración de finalizadores del procedimiento.
- La resolución administrativa de los procedimientos de responsabilidad patrimonial, cualquiera que fuese el tipo de relación, pública o privada, de que derive.
- La resolución de los procedimientos complementarios en materia sancionadora a los que se refiere el apartado 4 del artículo 90 de la ley 39/2015, de 1 de octubre.
- Las demás resoluciones de órganos administrativos cuando una disposición legal o reglamentaria así lo establezca.”

No presente caso, temos que os recorrentes interpoñen *“Recurso administrativo frente a Resoluciones de la Jefatura de negociado de Personal del Concello de fechas 21 de agosto de 2019 por las que se les comunica, de forma individualizada, la finalización y consiguiente cese de los nombramientos interinos que ostentaban por ejecución de prórroga del programa de carácter temporal (PEEMAO 2015) con efectos de fecha 13/09/2019.”*

En primeiro lugar convén advertir un primeiro erro dos recorrentes, tal é que non existe xefatura de negociado de persoal no Concello de Vigo. Ao marxe de esta consideración, e como se expuso anteriormente, solo cabe interpor recurso contra actos que poñan fin a vía administrativa ou actos de trámite cualificados.

Neste caso, non hai acto susceptible de impugnación. Estamos ante unha notificación que se envía a modo de aviso ou de recordatorio de que o nomeamento interino aprobado por acordo de Xunta de Goberno Local de 13/09/2019, en virtude do cal están a prestar servizos para este concello, está próximo a finalizar. O referido acordo, que prorrogaba o nomeamento dos catro funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga o programa de carácter temporal – catro mestres de formación (subgrupo C1) - , ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, xa concretaba a finalización en todo o caso do nomeamento, o 13/09/2019. Ese acordo de xunta de goberno, si é un acto administrativo finalizador do procedemento, e como tal, si é susceptible de recurso de reposición, en vía administrativa, ou de recurso contencioso-administrativo, en vía xudicial, obviamente nos prazos previstos para elo. Ese acordo, que como dixemos fixaba a data do fin de nomeamento, non foi impugnado.

Por mor do manifestado, sen entrar no fondo do asunto, debe inadmitirse o recurso presentado ao ser éste manifestamente improcedente por non existir ningún acto susceptible de ser impugnado por esta vía.

So resta indicar aos efectos oportunos que, en defensa dos seus dereitos, en data 09/07/2019, os funcionarios interinos agora recorrentes, presentaron escrito solicitando “se reconozca el derecho a los reclamantes a la permanencia en la situación de interinidad más allá del 13/09/2019 (fecha prevista del cese por vencimiento de la prórroga del actual nombramiento), y en todo caso la subsistencia y continuación de la relación de empleo hasta que el Concello cumpla lo dispuesto en el art. 10.1 del TREBEP, que en este sentido debe conducir a la verificación de una necesidad permanente y estable para la prestación de formación docente en las materias impartidas por los reclamantes, con la consiguiente creación de la plaza, y, en definitiva, la conversión del vínculo que une a los reclamantes como funcionarios interinos por vacante, manteniéndose aquellos en sus empleos hasta cobertura reglamentaria”. A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 01/08/2019, desestima, en base ao informe proposta que antecede, as solicitudes referidas (expediente 34410-220). Na data 26/08/2019, os funcionarios interinos referidos, interpoñen recurso de reposición contra o citado acordo, fundado nos mesmos argumentos que alegaban na solicitude; recurso que está tramitándose no expte nº 34669-220.

Polo tanto, en dous ocasións, os asinantes do recurso, xa obtiveron resposta fundada en dereito da Administración, en relación cos mesmos feitos e fundamentos, que agora esgrimen por terceira vez, pretendendo interpoñer recurso contra un acto non impugnabile, unha notificación con meros efectos informativos ou recordatorios dun acto administrativo do cal xa tiñan coñecemento.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Inadmitir, de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto por D^a Sandra María de Jesús Fernandez, con DNI nº ***7121* *; D^a Alba Carme Pardo Cartelle, con DNI nº ***7332* *; D^a Enma González Pintos, con DNI nº ***7153* *; D. Federico Fernández Alonso, con DNI nº ***1816* *.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos recorrentes.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

18(833).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE AGOSTO DE 2019. EXPTE. 2577/341.

Dáse conta do informe-proposta do 16/09/19, asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel Losada Álvarez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de **AGOSTO** e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2539/341. Reparación do equipo de megafonía do atril da sala de exposicións da Casa Galega da Cultura. FLUGE GALICIA, S.L. RCM 56869.	08/08/19	210,54 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2530/341. Contrato privado de seguro das obras da exposición de Puri del Palacio "O arrecendo da realidade. O esquecemento da beleza". HISCOX. RCM 55184.	01/08/19	382,14 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2534/341. Contratación do servizo de actuación musical da Agrupación de Música "Mundo Prestigio" na exposición da "Noite Branca" 2019 na Casa das Artes. SINSALAUDIO, S.L. RCM 55198.	02/08/19	2.662,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2531/341. Servizo de redacción de textos para material gráfico da exposición de Puri del Palacio "O arrecendo da realidade. O esquecemento da beleza". X. ANTÓN CASTRO FERNÁNDEZ. RCM 55199	02/08/19	600,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2543/341. Servizo de maquetación do folleto da exposición "Imaxinario total" - Noite Branca 2019, para a edición dixital en castelán. RAÚL BERMÚDEZ DOMÍNGUEZ. RCM 56267.	05/08/19	181,50
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6692/337. Contrato de servizos de restauración de 2 ánforas n.º inv. 5063 e 9256. BIC, materiais y conservación, S.L. RCM 61634.	30/08/19	764,48 €
MUSEO	Expte. 6681/337. Deseño gráfico da exposición	02/08/19	2.613,60 €

QUIÑONES (337)	temporal "Custodiando do pasado. As coleccións arqueolóxicas do Museo Quiñones de León". DESOÑOS, S.L. RCM 55180.		
---------------------------	---	--	--

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(834).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA CONTINUIDADE DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO (PERÍODO 1/10/19-31/10/19). EXPTE. 1316/440.

Visto o informe xurídico de data 23/09/19 e o informe de fiscalización do 24/09/19, dáse conta do informe-proposta do 24/09/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro de Fomento e Servizos e pola concelleira de Contratación, que di o seguinte:

I. Antecedentes:

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do 10 de xuño de 2019, acordou "A *continuidade da prestación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias e arrendadas (expediente 1.316-440) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato (expediente 81-441) e de acordo coa previsión de prazos recollida no informe do 7 de xuño de 2019*".

II.- A tramitación do novo expediente de contratación 81/441, afectouse pola medida cautelar adoptada por resolución de data 10 de setembro de 2019 do TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, na cal determina; "*Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación dun servizo de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias municipais do Concello de Vigo, expediente 81-441 dese Concello*".

Así mesmo con data 19 de setembro, recibe resolución do TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA da mesma data na cal resolve: 1. Desestimar o recurso interposto por LIMPIEZAS FARO, S.L. contra a súa exclusión na contratación dun servizo de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias municipais do Concello de Vigo, expediente 81-441 dese Concello.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.



Concello de Vigo

III.- A data de finalización do prazo para a interposición dun posible recurso especial en materia de contratación ante a adxudicación do contrato finaliza o 9 de outubro de 2019, data a partir da cal se poderá formalizar o contrato e realizar os trámites necesarios entre a mecantil actual e a nova adxudicataria de baixas e altas na seguridade social dos traballadores, etc.

IV.- A vista do exposto, e de acordo coa necesidade dos prazos administrativos necesarios para continuar co procedemento de contratación e formalizar o contrato relacionado co expediente 81-441, estimase necesario autorizar o gasto para a continuidade do actual contrato (expte 1316/440), polo período máximo de 1 mes, polo cal atendendo a que o acordo da XGL do 10 de xuño e tendo en conta que o gasto autorizado foi ata o 30 de setembro, procede ampliar o mesmo ata o 31 de outubro de 2019 para permitir a formalización así como a necesaria tramitación entre a mecantil que actualmente presta o servizo e a nova adxudicataria.

II.- Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1.- Anular parcialmente o gasto autorizado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de xuño de 2019 para o ano 2019, para o expediente 81/441 para o axuste do atraso na data de inicio do contrato (1 meses) de acordo cos seguintes importes :

	9200.227.00.00	3371.227.00.00	Total
2019 - gasto autorizado	521.225,10 €	9.000,00 €	530.225,10 €
2019 - minoración	173.741,70 €	3.000,00 €	176.741,70 €

2.- Aprobar o reaxuste das anualidades de gasto aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de xuño de 2019 para o expediente 81/441, para o axuste do atraso na data de inicio do contrato (1 meses) de acordo cos seguintes importes :

	9200.227.00.00	3371.227.00.00	Total
2019	347.483,40 €	6.000,00 €	353.483,40 €
2020	2.081.406,82 €	58.000,00 €	2.139.406,82 €
2021	2.107.108,32 €	60.000,00 €	2.167.108,32 €
2022	2.127.472,57 €	62.000,00 €	2.189.472,57 €

2023	1.760.067,51 €	43.500,00 €	1.803.567,51 €
Total	8.423.538,62 €	229.500,00 €	8.653.038,62 €

3.- Autorizar o gasto para e continuidade do contrato tramitado no expediente 1316/440, para dar cobertura aos gastos da prestación do servizo dende o 1 de outubro de 2019 ata o 31 de outubro de 2019, a favor da mercantil MANTELNOR polo importe máximo de 176.741,70 €, con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 e a bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(835).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN COUTO DE SAN HONORATO. EXPTE. 5539/440.

Visto o o informe de fiscalización do 19/09/19, dáse conta do informe-proposta do 18/09/19, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de maio de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque –



Concello de Vigo

Ribadavia”; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 15 de maio de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

IV.- Con data 22 de agosto de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “renovación da rede de abastecemento na rúa Couto San Honorato”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, que recolle unha actuación que pola súa ubicación e natureza queda comprendida dentro do alcance da encomenda para a “ *Sustitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia*”. Este proxecto ten un presuposto de 52.063,31 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) semanas. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os costes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	Zubía Ingenieros	875,01 €
Asistencia técnica á D.O.	Zubía Ingenieros	875,01 €
Coordinación de seguridade e saúde	Proyegal	218,75 €
	SUMA	1.968,77 €
	11% Gastos de Xestión	216,57 €
	TOTAL (IVE excluído)	2.185,34 €

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data 5 de setembro de 2019, emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con data 12 de setembro de 2019, os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Municipais, emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, corresponden cos ratios aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria é adecuado ao coste do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación dos proxectos de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo

arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

Segunda.- Habida conta do orzamento das obras relativas á renovación da rede de abastecemento na rúa Couto San Honorato e a súa natureza, non resulta preceptivo o informe de supervisión de proxectos (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público) e cabe a simplificación da documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017 e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

Terceira.- O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal de data 5 de setembro de 2019 responde aos obxectivos propostos. Polo demais, segundo se especifica no informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013 e os custos asociados á actuación observan as porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

Cuarta.- A aprobación dos proxectos, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Por todo o exposto, e unha vez incorporado ao expediente o informe de fiscalización, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a Renovación da rede de abastecemento na Rúa Couto San Honorato cun presuposto de 52.063,31 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) SEMANAS con data e sinatura dixital 11 de xullo de 2019.

Segundo.- Aprobar os costes asociados ao proxecto de Renovación da rede de abastecemento na Rúa Couto de San Honorato por un importe de 2.185,34 €, (IVE excluído) desglosado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	Zubía Ingenieros	875,01 €
Asistencia técnica á D.O.	Zubía Ingenieros	875,01 €
Coordinacion de seguridade e saúde	Proyegal	218,75 €
	SUMA	1.968,77 €
	11% Gastos de Xestión	216,57 €
	TOTAL (IVE excluído)	2.185,34 €



Concello de Vigo

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

21 (836).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DE FIRME NA AVENIDA SANTA MARIÑA, DO Nº 104 ATA O Nº 204. EXPTE. 318/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 25/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 24/09/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 9 de setembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Oferta
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	85.872,37 €
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.924,74 €
3	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA. S.L.	90.753,34 €
4	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	93.772,58 €
5	NAROM, S.L.	94.373,29 €
6	ASFALGAL TÉCNICOS VIARIAS, S.L.	96.519,73 €
7	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA	96.982,06 €
8	CONSTRUCCIONES FECHI, C.L.	98.178,70 €
9	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	98.978,00 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	106.867,20 €
11	HORDESCON, S.L.	109.369,99 €

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



Concello de Vigo

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 12 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 17 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula, de data 9 de setembro de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto das obras de “Reforzo de firme na avenida Santa Mariña, do nº 104 ata o nº 204 (318-441)

por un prezo total de 85.872,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.903,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(837).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez